

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 16 de maio de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezaseis de maio de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e a interventora xeral, Sra. Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(489).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 09.05.05 EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUCTURA RURAL NO CONCELLO DE VIGO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución de Alcaldía de data 9.05.05 que di o seguinte:

*Vista a comunicación da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no que se manifesta a disposición da Consellería para a execución de determinadas obras de infraestrutura rural no Concello, RESOLVO:*

*Primeiro.- O Concello de Vigo, ante a notificación efectuada pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, de realizar con cargo ós seus presupostos as obras de infraestrutura rural consistentes en 1.- ACONDICIONAMENTO DE CAUCE E MELLORA DE CALIDADE AMBIENTAL DO ENTORNO DA SOCIEDADE CULTURAL HELIOS (BEMBRIVE), 2.- ABASTECIMENTO EN POUZO (BEMBRIVE), 3.- ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS FREIXO (SÁRDOMA) e 4.- ACONDICIONAMENTO ENTORNO CAMPO DE FESTAS CEMITERIO E COLEXIO PÚBLICO JOSEFA ALONSO E DOS LAVADOIROS RURALES (MATAMÁ), manifesta a súa aceptación á execución das mesmas en réxime de cooperación e comprométese a:*

- *Poñer a disposición da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, libre de cargos e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante a mesma.*
- *As obras obxecto do presente convenio están exentas de calquera tipo de taxa de carácter municipal.*
- *Continuar asumindo, despois da recepción das obras a previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.*
- *De conformidade co establecido nas leis de réxime local, correspóndelle ó Alcalde-Presidente a competencia para a sinatura do correspondente convenio de colaboración.*
- *Manifestar que existe libre disposición dos terreos necesarios para a execución das obras.*

Segundo.- *Somete-la presente resolución á ratificación da Xunta de Goberno Local.*

*Mandouno e firma a señora Alcaldesa, Corina Porro Martínez, en Vigo, a nove de maio de dous mil cinco.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da resolución.

#### **2(490).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2/1026 E 2/1184.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Carmen Costas Alonso. Expte. 2/1026.
- D. Minkovic Milenko. Expte. 2/1184.

#### **3(491).- DAR CONTA DO INFORME SOBRE O INCUMPRIMENTO DO ART 20 DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ACTIVIDADE FUNERARIA NO QUE SE ESTABLECE QUE OS CENTROS HOSPITALARIOS DEBERÁN INFORMAR SOBRE OS FALECEMENTOS ACAECIDOS NAS SÚAS DEPENDENCIAS. EXPTE. 6074/255.**

A Xunta de Goberno local retira o presente expediente da orde do día.

#### **4(492).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA XXIII EDICIÓN PREMIO DE NOVELA LONGA EN LINGUA GALEGA “EDUARDO BLANCO AMOR” ORGANIZADO POLO CONCELLO DE PORTO DO SON. EXPTE. 8905/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable RC acreditativo da existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 26.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo ven participando dende a súa creación no premio de novela “EDUARDO BLANCO AMOR”, xunto con sesenta concellos máis de toda Galicia, na súa celebración.*

*Este ano celebrouse a XXIII edición, correspondéndolle a súa organización ó Concello de Porto do Son, por acordo na derradeira reunión celebrada polos representantes dos concellos copatrocinadores, e manténdose a cota de participación en 360,61 €.*

*Polo exposto, e previo informe da existencia de crédito suficiente, faise á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a seguinte proposta:*

*Primeiro.- Aprobar o gasto de 360,61 € (TRESCENTOS SESENTA EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS) con cargo á partida 4510.462.00.00 "Premio Eduardo Blanco Amor" do vixente presuposto municipal prorrogado, a favor do Concello de Porto do Son, C.I.F.: P-1507200-B, organizador da XXIII Edición do Premio de Novela “Eduardo Blanco Amor”, en concepto de participación do Concello de Vigo na organización de dito premio.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o devandito gasto tal e como se recolle na precedente proposta.

#### **5(493).- SOLICITUDE DA FEDERACION GALEGA DE CICLISMO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A CARREIRA CICLISTA “CAMPIONATO DE GALICIA DE CONTRARELOXO INDIVIDUAL” O 17.05.05. EXPTE. 5268/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.05.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o paso da carreira ciclista Campionato de Galicia de Contrareloxo Individual, que se celebra no termino municipal de Nigrán , organizada pola Federación Galega de Ciclismo pola estrada pertencente o termo municipal de Vigo PO-325 ata a rotonda de Saiáns onde efectuaría un xiro de 180º para dirixirse cara a praia América, a partir das 9:30 h.

#### **6(494).- SOLICITUDE DE CALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DO PROXECTO EMPRESARIAL “CORMO INTEGRAL, S.L.U.”. EXPTE.3135/077.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe proposta da técnica local de Emprego, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*A Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo realiza, mediante os Técnicos Locais de Emprego (TLEs) a ela adscritos, e no marco do Servizo de Asesoramento para Emprendedores (SAE), que funciona conxuntamente no Concello de Vigo e na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), dando traballos de información e asesoramento a emprendedores para a constitución de empresas.*

Por outra banda, a Consellería de de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia do 27 de xaneiro; corrección de erros nº 24 do 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividades económicas e de emprego. As características xerais deste programa son as seguintes:

Requisitos dos proxectos:

1. Viables técnica, económica e financeiramente
2. Xeradores de emprego estable
3. Promovidos, participados ou cofinanciados pola Xunta de Galicia ou por administracións locais de carácter territorial desta Comunidade Autónoma.
4. Que o constituírse, o cadro de persoal previsto non sexa superior a vinte e cinco traballadores.
5. Non procedentes de cambios xurídicos de empresas preexistentes, nin ser participados en máis de terceira parte do seu capital por empresas de máis de 25 traballadores.

Beneficiarios:

*Empresas privadas resultantes de ditos proxectos, calquera que sexa a forma xurídica, que se constituán como tales, nun prazo non superior a un ano, dende que o proxecto foi calificado como ILE pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.*

Axudas contempladas:

- *Subvencións a creación directa de emprego estable: nas seguintes contías máximas en función do colectivo, Homes: 4.800 €, mulleres: 5.400€, mozos menores de 30 anos: 5.100€, mozas menores de 30 anos: 5.700 €, e discapacitados: 6.000 €, ou a parte proporcional cando sexa a tempo parcial.*
- *Subvencións financeiras: redución como máximo de 4 puntos de tipo de xuros dun crédito destinado a financiar investimentos en activo fixo, ata un máximo de 5.100 € por posto de traballo estable creado.*
- *Subvención por asistencia técnica: como apoio ás funcións xerenciais do promotor do proxecto empresarial (contía igual ó 75% do custo total, sen que exceda de 12.000 €).*
- *Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade: subvención de ata un 60 % dos gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade (compra mercadorías, materias primas, alugeres, man de obra empregada na adecuación do local, publicidade, subministracións durante o primeiro ano de actividade). O importe máximo desta axuda determinarase en atención ó número de postos de traballo estables creados, de acordo coa seguinte escala:*
  - *De 1 a 2 postos de traballo: ata 12.000 €*
  - *De 3 a 10 postos de traballo: ata 24.000 €*
  - *De 11 a 20 postos de traballo: ata 36.000 €*
  - *21 ou máis postos de traballo: ata 48.000 €*

*Para solicitar esta axuda, débese crear polo menos un emprego estable para un desempleado inscrito como demandante de emprego.*

*Neste contexto, e froito do traballo de asesoramento para a creación de empresas descrito con anterioridade, presentouse no Servizo de Asesoramento a Emprendedores SAE, Da. Carmen Avedaño Otero, con enderezo en Serra Poniente,3 – San Roque, Cangas, e D.N.I. nº 35956947-N, cun proxecto para a constitución dunha empresa de inserción social como Sociedade Limitada Unipersoal, de nome “CORMO INTEGRAL S.L.U” que terá por obxecto a realización das seguintes actividades relacionadas con servizos medioambientais:*

- 1. Traballos de xardín en xeral, tanto de preparación como de mantemento con coidados especializados en podas e cirurxiá arbórea..*
- 2. Realización de proxectos, deseño, instalacións e presupuestación de obras de arranxo de exteriores.*
- 3. Limpeza de zoas verdes e espazos forestais.*
- 4. Recuperación e restauración de espazos degradados.*
- 5. Pequenas obras de albanelería*

*Cabe resaltar a importancia desta iniciativa empresarial, dado que sera a primeira empresa de inserción que se constituía en Vigo e cuxa idea se fraguou o longo das xornadas “Boas prácticas para a creación de empresas de inserción no ámbito local”, promovidas polo proxecto Compás, destacar que conta co inestimable respaldo dunha entidade promotora como é a Fundación Érguete- Integración, a cal conta cunha experiencia de 17 anos no ámbito da reinserción sociolaboral de colectivos desfavorecidos.*

*Os beneficiarios deste proxecto, serán homes e mulleres en situación de exclusión social, ou en risco de estalo, que van atopar unha saída a súa situación, a traveso do seu paso pola empresa de inserción, na cal acadaran os coñecementos necesarios para poder ser uns profesionais competitivos e interesantes para calquera empresa. Todos van pasar por unha etapa previa de formación na fundación, e serán seleccionados sempre e cando demostren que desexan comprometerse e formar parte do proxecto.*

*Este Servizo de Asesoramento a Emprendedores SAE, entende que a iniciativa descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILE da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e que, polo tanto, pode ser beneficiario das citadas axudas e subvencións.*

*Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

- Promover ante a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a calificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “CORMO INTEGRAL, S.L.U.”, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:*
  - Apoio por parte dos Técnicos Locais de Emprego (TLE) do Servizo de Asesoramento a emprendedores SAE do Concello de Vigo, na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como levar a cabo todo-los trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.*
  - Tera preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais a creación de empresas as que no seu caso opte.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**7(495).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS DURANTE O EXERCICIO 2005.EXPTE. 1492/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.04.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 15.04.05, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS, CIF G-36.791.291, para a programación de actividades socioculturais durante o exercicio 2005.

2º.- Facultar ó Concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 12.000 € (doce mil euros), a favor da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS, CIF G-36.791.291, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.489.00.00 do programa de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio económico.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS DURANTE O EXERCICIO 2005.*

*Vigo, a xxxxx de xxxxxxx de dous mil cinco.*

*R E U N I D O S*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, CIF- P-3605700- H, con enderezo en Vigo, praza do Rei, s/n, C.P. 36202; na súa representación.*

*Doutra parte, D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, en representación de esta.*

*M A N I F E S T A N*

*Que a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS con número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.*

*Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.*

*Polo que, en consideración ó antes exposto establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes*

## CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entrambas as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a programación e o desenvolvemento das actividades de carácter cultural, cívico e social que se indican na cláusula terceira e quinta.*

*SEGUNDA.- Os compromisos recollidos neste convenio corresponderán ás actividades que se realicen no exercicio 2005, que serán fixadas expresamente neste texto, e organizadas pola AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, coa colaboración do Concello de Vigo.*

*TERCEIRA.- Os programas obxecto do presente convenio serán os seguintes:*

*a) “Semana de Teatro Afeccionado”:* Certame destinado a tódolos grupos de teatro afeccionado de Galicia que terá lugar do 4 ó 25 de novembro de 2005.

*b) “Vente con nos”, proxecto de dinamización cultural mediante a realización de diversas actividades culturais nas entidades federadas na agrupación o longo do ano 2005.*

*Os presupostos de ámbolos dous proxectos presentados pola AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, ascenden a un importe total de 12.300 € (doce mil trescentos euros) con todos os conceptos e impostos incluídos.*

*Achéganse os programas e presupostos dos anteditos proxectos como anexo I do convenio.*

*CUARTA.- As actividades recollidas neste convenio están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e limitarase o número de asistentes ó aforo do lugar onde se realicen, pero as actividades, servicios ou produtos ofertados poderán levar unha achega económica por parte dos/as usuarios/as: billetes, entradas,....*

*Por este motivo, proporalle a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS ó Concello de Vigo os prezos correspondentes para cada un dos casos, para obter a conformidade da concellería que corresponda segundo a actividade en cuestión.*

*QUINTA.- As obrigas que asume a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS son as seguintes:*

- 1.- Cumprir os programas obxecto deste convenio de acordo ós proxectos presentados e que figuran como anexos .*
- 2.- Comezar as actividades dos programas á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 3.- Dotar de material e persoal á organización dos actos comprendidos na programación conxunta, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.*
- 4.- Asumir tódolos seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes.*
- 5.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.*
- 6.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.*
- 7.- Asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.*

8.- Editar e distribuir o material gráfico da programación que figura no convenio. Neste sentido, para cada un dos programas previstos deberán realizarse como mínimo os seguintes soportes publicitarios: 500 carteis, cabaletes con rótulos para interiores, pancartas para exteriores e escenarios, así como complemento da información en prensa e radio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo e anagrama oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades; esta cuestión faise extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que se realicen.

9.- Realizar a programación segundo o proxecto e presupostos presentados e que figuran no anexo I.

10.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.

11.- Presentar unha memoria parcial, resumo de cada actividade realizada, dentro dos 15 días seguintes ó da súa execución, onde constarán os seguintes datos:

- \* Denominación da actividade.
- \* Programación realizada.
- \* Número de asistentes.
- \* Un exemplar de cada impreso editado: programa, cartel, etc.
- \* Parte de incidencias.
- \* Balance económico: relación de ingresos e gastos.

12.- Presentarlle ó Concello a memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual e o balance económico con detalle de gastos e ingresos.

13.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

SEXTA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a federación e da presenza do persoal municipal nas propias actividades que se determinen.

SÉTIMA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello e AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, en iguais condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA.- O Concello de Vigo realizará unha aportación económica de 12.000 € (doce mil euros) con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural, a favor da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, CIF G-36.791.291 para o desenvolvemento dos programas recollidos na cláusula terceira do seguinte xeito:

1.- Unha primeira achega no mes de agosto por importe de 6.000 €, ( seis mil euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente 2091 0540 04 3040003578 da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, CIF G-36.791.291 con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio. Para poder efectuar este pagamento a citada entidade presentará a través do Rexistro Xeral solicitude de pago e memoria das actividades realizadas ata á data (segundo o estipulado na cláusula quinta, apartado 11.), unha vez recibida tramitarase facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que se especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.



2.- Un segunda e última achega unha vez rematada a execución dos dous proxectos por importe de 6.000 €, ( seis mil euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente 2091 0540 04 3040003578 con cargo á partida 4.512.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio. Para poder efectuar este pagamento a citada entidade presentará a través do Rexistro Xeral solicitude de pago e memoria das actividades realizadas ata á data (segundo o estipulado na cláusula quinta, apartado 12), unha vez recibida tramitarase facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que se especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2005 e non será prorrogable.

DÉCIMA.- A Concellería de Festas e Animación Sociocultural queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

**8(496).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A COLABORACIÓN NA BATALLA DE FLORES 2005. EXPTE. 1506/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05.05.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 05-05.05, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, para a colaboración na organización da Batalla de Flores 2005 da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e máis a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Que o gasto derivado do convenio por importe de 15.228 € (quinze mil douscentos vinte e oito), quede supeditado á existencia de crédito adecudado e suficiente no programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, con cargo a partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas). O pagamento realizarase do seguinte xeito: 7.614 € (sete mil seiscentos catorce euros) mediante transferencia bancaria á conta corrente núm. 2080.0020.16. 0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF. G-36.704.666) e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90; e 7.614 € (sete mil seiscentos catorce euros) mediante transferencia bancaria á conta corrente 2091 0540 04 3040003578 da que é titular a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS, CIF G-36.791.291 número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.”

*PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DA BATALLA DE FLORES 2005*

*Vigo, xxxxx de maio de 2005*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LOPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro-delegado de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.*

*Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:*

*D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.*

*D. BALBINO MOREIRA VÁLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF. G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.*

*En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA"*

#### *MANIFESTAN*

*Que a Batalla de Flores foi unha festa popular moi arraigada na sociedade viguesa durante boa parte do século XX, sendo o evento máis multitudinario despois do Cristo da Victoria.*

*Que a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, a petición da Alcaldía, está a traballar na recuperación e organización deste evento, que este ano 2005 será o punto de partida do programa de actos conmemorativos "VIGO 2005".*

*A recuperación deste evento festivo ten como obxectivos: fomentar a identidade viguesa, recuperar a memoria histórica da cidade e promover a participación da cidadanía. Todo isto nun escenario que permita combinar a tradición coa modernidade.*

*Que o Concello de Vigo pretende a actualización e impulso deste evento, mediante a incorporación de novos e vistosos elementos no desfile de carrozas que axudan a darlle maior espectacularidade e realce.*

*Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei Reguladora de Bases de Réximen Local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata, Entroido, Festa do Magosto...).*

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

## CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a colaboración das entidades asinantes na organización da Batalla de Flores 2005, mediante a aportación do persoal auxiliar necesario para acompañamento e control dos elementos que compoñen a comitiva e máis do público asistente, así como da megafonía e o valado de seguridade do percorrido.*

*SEGUNDA.- A Batalla de Flores 2005 é un evento organizado e coordinado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e que se celebrará nesta cidade o día 21 de maio as 19,00 horas polas rúas García Barbón, Policarpo Sanz e Porta do Sol.*

*TERCEIRA.- O presuposto xeral deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 15.228 € (quinze mil douscentos vinte e oito euros), que se financiarán con cargo á partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas), do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio.*

*CUARTA.- A comisión colaboradora da Batalla de Flores 2005 esta formada polas seguintes persoas:*

- *Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:*
  - *Jose Lourido Penedo.*
  - *Juan José Nogueira Sánchez.*
- *Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:*
  - *Juan Carlos Padín Nieto.*
  - *Balbino Moreira Vallez*

*Así mesmo, formará parte desta comisión colaboradora en representación do Concello de Vigo, con funcións de coordinación, supervisión e seguimento da mesma, a técnica do servizo de Festas, Luz María González Domínguez.*

*QUINTA.- A función básica da comisión colaboradora da Batalla de Flores 2005 será a de dotar este evento do persoal auxiliar necesario para acompañamento da comitiva do desfile, a megafonía, o valado de seguridade, a xestión da asistencia da cruz vermella e o transporte e reparto de serpentina segundo o seguinte detalle:*

*1.- Responsable de organización: a comisión colaboradora designará un responsable que funcionará como único interlocutor válido da mesma co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural; este responsable manterá unha serie de reunións co citado persoal, ata o día 21 de maio (previa comunicación deste departamento con un día de antelación), co obxecto de establecer os criterios organizativos para este evento, mediante entrega de información escrita precisa acerca do plan de organización que deberán executar. Este responsable será o encargado de transmitir toda esta información ó resto do persoal, así como de organizar e coordinar as súas accións, antes, durante e despois da Batalla de Flores.*

*2.- Persoal auxiliar necesario: a continuación, relaciónanse o número mínimo de persoas necesarias, así como as principais funcións a desempeñar en cada caso.*

*\* Persoas: 200*

*\* Horario: das 18,00 ás 21 horas, do día 21 de maio de 2005.*

*\* Funcións xerais:*

- a) *Encargaranse de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación o confeti, serpentina e outros elementos, e trasladarlos ó lugar de concentración da comitiva e ós distintos puntos de avituallamiento e distribución do material, que se colocarán ó longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material.*
- b) *Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuilas posteriormente entre todo o persoal. Toda persoa pertencente á organización deste evento deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento a prenda superior..*
- c) *Ó longo do percorrido, haberá CINCO puntos de distribución de serpentina que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un. Ademáis se repartirá serpentina (40.000 bolsas) ó público, 30 minutos antes do comenzo do desfile.*
- d) *Encargaranse de realizar calquera movemento do valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado pola Policía Local ou persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento do desfile da Batalla de Flores.*
- e) *Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva.*
- f) *Acompañarán seis persoas a cada unha das carrozas integrantes da comitiva, dende a súa saída ata a finalización do evento, para garanti-la súa seguridade e maila do público.*
- g) *Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración, seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. A disposición dos elementos do desfile manterase inalterable dende o seu inicio ata o seu remate.*
- h) *En cargarse da seguridade no entorno dos puntos de disparo das baterías de confeti sinalados no percorrido que e que se achega adxunto a este convenio.*
- i) *Durante o desenvolvemento do acto terá que haber permanentemente dúas persoas na "zona de encontro de nenos", delimitada co obxecto de levar alí ós nenos-as que se perdan. Estas persoas deberán custodiarlos nenos-as ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non aparecer, faranlle entrega dos mesmos á Policía Local, a partir das 22'00 horas.*
- j) *O responsable da comisión colaboradora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado ó longo do percorrido, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural*
- k) *Para facer posible este cometido, o Concello facilitaralle á comisión colaboradora un mínimo de nove portátiles, que deberán devolver en perfectas condicións unha vez rematado o desfile; ademais deberán dispor de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garanti esta función, durante todo o período de desenvolvemento do desfile.*
- l) *Encargarase da megafonía o longo do percorrido e máis do valado de seguridade.*
- ll) *Xestionar a presenza da Cruz Vermella.*

- *Outras funcións:*

*Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Batalla de Flores e que lle sexa encomendada pola organización deste evento.*

- \* *Posterior da Batalla de Flores:*

*A comisión presentará na Concellería de Festas e Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización da Batalla de Flores, un informe completo de posibles incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.*

*SEXTA.- O Concello de Vigo aboará a cantidade estipulada na cláusula terceira 15.228 € (quinze mil douscentos vinte e oito), previa presentación da correspondente solicitude de pagamento de ámbalas dous entidades, e da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ós traballos realizados, que serán aboados do seguinte xeito: 7.614 € (sete mil seiscientos catorce euros) mediante transferencia bancaria á conta corrente núm. 2080.0020.16. 0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF. G-36.704.666) e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90; e 7.614 € (sete mil seiscientos catorce euros) mediante transferencia bancaria á conta corrente 2091 0540 04 3040003578 da que é titular a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291 número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a comisión colaboradora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural na propia actividade.*

*OITAVA.- En caso de incumprimento do convenio, realizaranse os descontos correspondentes e cos prorratesos a que houbera lugar.*

*NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2005 e non será prorrogable.*

*DÉCIMA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data que se indican,*

#### **ANEXO**

➤ **HORARIO DA BATALLA DE FLORES 2005:**

18,00 horas: *Concentración e organización da comitiva do desfile entre o nudo de Isaac Peral e a rúa Serafín Avendaño.*

19'00horas: *Comezo do desfile da Batalla de Flores*

20'30 horas: *Finalización do desfile na Porta do Sol*

➤ **PERCORRIDO DA COMITIVA DA BATALLA DE FLORES 2005:**

*Percorrido: García Barbón (dende a rúa Serafín Avendaño), Policarpo Sanz e Porta do Sol.*

**9(497).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRANEOS. EXPTE. 70984/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, do 10.05.05, conformado polo concelleiro delegado de dita área, que di o seguinte:

*Por encargo verbal do 1º Teniente Alcalde D. José Manuel Figueroa a través do Concelleiro-Delegado de Mobilidade e Seguridade encargouse nesta Xefatura iniciar estudos sobre a necesidade de aparcadoiros na zona urbana da cidade.*

*Analízase o prantexamento partindo da situación real dos aparcadoiros públicos actuais, que se achega como documento nº 1.*

*Pártese dun estudo de aparcadoiros realizado por unha empresa especializada DOYMO no ano 98 que analiza os aparcadoiros de superficie e os déficits de aparcadoiros públicos así como a concurrencia coa mobilidade e a súa relación coa demanda procedente da cidade e da afluencia de vehículos de fóra da cidade por diferentes motivos.*

*Tense en conta por outra banda o informe que por parte desta Xefatura se remitiu aos portavoces dos diferentes grupos políticos respecto da análise de déficits de aparcadoiros na zona de máxima centralidade urbana con motivo das obras de peatonalización na zona denominada Praza de Compostela.*

*Pártese así mesmo da análise de datos internos do Area de Mobilidade co que se conclúe claramente nos déficits de aparcadoiros en diferentes zonas da cidade.*

*No seu día fíxose saber ao Concelleiro José Manuel Figueroa un anticipo das zonas que presumiblemente tiñan necesidade de ampliar a súa oferta de aparcadoiros públicos en diferentes puntos da cidade asumindo entre elas as propostas por zona Franca en Areal, Pintor Colmeiro e Jenaro de la Fuente, propoñendo ademais das da zona centro urbano outros dous. Un deles en Bouzas e outro en Teis. Estes dous últimos serán obxecto de próximo estudo.*

*Froito de toma de datos e análises posteriores presentouse un avance de ubicacións, á marxe dos citados de zona Franca, establecidos inicialmente como hipóteses de traballo en Rosalía de Castro, Policarpo Sanz-García Barbón e no contorno de Avda. castelao, ademais da zona comercial do contorno de Gran Vía-Praza de Independenza.*

*Con relación ao proposto en Castelao xurde a primeira dúbida no tocante á súa ubicación concreta partindo das seguintes hipóteses de traballo:*

- ∇ *Construir un parque subterráneo baixo a zona verde lateral á Avda. ou ben baixo Castelao.*
- ∇ *Deseñar un aparcadoiro mixto ao exclusivo para residentes.*

*Prantéxanse como dúbidas o custo derivado de construír baixo Castelao que levaría necesariamente pola súa influencia importantísima no tráfico construílo polo procedemento utilizado en Urzáiz, o que claramente significaría un importantísimo custo de execución que dificultaría enormemente a súa viabilidade para uso exclusivo de residentes, ao que habería que engadir a previsión do PXOM aprobado inicialmente que contempla a construción dun túnel baixo a referida Avenida. Por outra banda para construír baixo a zona verde debe contemplarse a posible controversión veciñal así como o informe favorable de Urbanismo.*

Con relación ao proposto na zona Gran Vía-Praza Elíptica cabe considerar, agás superior criterio, someter a esa Xunta de Goberno Local a oportunidade de ampliar o aparcadoiro concesional actual baixo Venezuela baseado no seguinte:

1. *Estudado o Prego de Condicións que serviu de base para a contratación baixo rexime concesional no ano 1988 para os aparcadoiros de Venezuela, Coruña e Fernando O Católico, contemplar no artigo vixésimo terceiro, concretamente no seu punto 2.*

∇ "O concesionario terá prioridade nas posibles ampliacións que puideran acordarse dentro do contorno, sempre dentro das condicións estipuladas neste Prego."

2. *En aplicación do establecido no punto anterior, como antecedentes, debe ser considerado que o Pleno en sesión de 24 de xaneiro de 1990 acordou a AMPLIACIÓN DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE RÚA CORUÑA.*
3. *Unha vantaxe importante da ampliación sobre a contratación dun novo é por unha banda que a execución da ampliación entrambos extremos permitiría non realizar adicionalmente ningunha outra entrada e saída de vehículos (actualmente contra con 2 entradas e saídas a diferentes rúas).*

*De estimar procedente esa Xunta de Goberno Local apta a solución da ampliación proposta, deberá iniciarse o procedemento, previa negociación co actual concesionario. Indicar que a necesidade de ampliar prazas de aparcadoiro no contorno citado é incuestionábel, por unha banda xa se contemplaba tal previsión cando se redatou e aprobou o Prego no seu día e por outra banda tamén é evidente que malia malia construír un novo aparcadoiro público baixo a praza Elíptica ambos seguen considerándose claramente insuficientes.*

*Engadir que de optar pola solución da ampliación do aparcadoiro concesional de Venezuela significa necesariamente plantexalo ao concesionario, quen deberá presentar proxecto e estudo económico-financeiro tendo en conta que as condicións de prazo, tarefas, etc. Serán as mesmas que as do acordo de adxudicación da concesión.*

*O tipo de contrato máis axeitado para os intereses públicos municipais para a contratación dos aparcadoiros de Areal, Jenaro de la Fuente, Alvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro, Policarpo Sanz-García Barbón e Castela (acompañase como documento nº 2 plano de ubicación orientativo), deberá ser o de Xestión de Servizo Público (aquele mediante o que as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público) e por un prazo de 50 anos.*

*Para o caso que nos ocupa entendo xustifico (agás superior criterio) a substitución do estudo de Mobilidade por un estudo económico-financeiro atendendo á natureza e finalidade das obras para o que é preciso, antes de licitar a concesión, o correspondente anteprojecto establecido nos parágrafos 3 e 4 do artigo 228 do R.D.L 2/2000 de 16 de xuño.*

*Por outra banda considerar que durante os últimos meses e por parte desta Xefatura avanzouse moito no estudo, análise e toma de datos que permiten estimar que con un traballo complementario, contando cunha asistencia técnica ao efecto podería completarse a documentación precisa para presentar en breve prazo para a súa aprobación un anteprojecto que deberá someterse a información pública polo prazo dun mes para presentación de alegacións.*

*Por parte de esta Xefatura, como se indicaba anteriormente, estase recopilando información, análise e estudos entre os que caben citar:*

∇ *Estudo de aparcadoiros efectuado por DOYMO no ano 1998.*

- ∇ *Estudo de tráfico efectuado pola Universidade Politécnica de Cataluña e Universidade de Vigo.*
- ∇ *Estudo de necesidades de aparcadoiros en base á toma de datos de necesidades de residentes e de rotación.*
- ∇ *Datos de base sobre padrón de vehículos e habitantes incluso cruce de ambos.*
- ∇ *Análise de necesidades de aparcadoiros con datos tomados nas propias rúas.*
- ∇ *Aproximacións de dimensionamento de cada uno no tocante ao nº de prazas e a súa tipoloxía.*
- ∇ *Estudo de borradores de Pregos de Condicións de Vigo e outras cidades.*
- ∇ *Datos relativos ao estudo económico-financieiro partindo de custos dos últimos aparcadoiros realizados en Vigo con diversos sistemas de contratación.*
- ∇ *Estudo de diferentes posibilidades tarifarias.*
- ∇ *Etc.*

*Estimouse oportuno que o custo da Asistencia técnica, tendo en conta a gran cantidade de traballo realizado nos últimos meses debería encaixar nun máximo de 1.200 €, proponendo que se repita aos futuros adjudicatarios na proporción ao número de prazas adjudicadas, cubrindo a contratación como contrato menor, pola súa cuantía, con cargo á partida OTRAS ASISTENCIAS Nº2220 2270604 con dotación de 15.000 €.*

*O obxecto do contrato sería, partindo da información e datos que aportaría esta Xefatura, cumprimentar a documentación precisa para a presentación para a súa aprobación o anteproxecto de construción e explotación das obras que como mínimo deberá contar a seguinte documentación:*

- 1. Memoria na que se exporán as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, medioambientais e administrativos considerandos para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón. A memoria axompañarase dos datos e cálculos básicos correspondentes.*
- 2. Planos de situación xerais e de conxunto necesarios para a definición da obra.*
- 3. Orzamento que comprenda os gastos de execución das obras, partindo das correspondentes medicións aproximadas y valoracións.*
- 4. Estudo relativo ao rexime de utilización e explotación da obra, con indicación da súa forma de financiación e do rexime tarifario que rexirá a concesión, incluíndo, no seu caso, a incidencia ou contribución nestes dos rendementos que puideran corresponder á explotación comercial.*

*Ademais do anterior Asistencia deberá presentar unha proposta xustificada de borrador do Prego de Condicións.*

*En atención ao exposto sométese á aprobación por esa Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1º.- Incoar expediente de contratación que teña por obxecto a contratación da Xestión do Servizo Público de aparcadoiros subterráneos nos lugares indicados no plano que se achega.*

*2º.- Iniciar os trámites de ampliación do aparcadoiro público en rexime de concesión na rúa Venezuela.*



3º.- Contratar unha Asistencia Técnica ao obxecto de colaborar para presentación do anteproxecto de construción e explotación de aparcadoiros por importe de 12.000 € mediante o procedemento de contrato menor e con cargo á partida 2220 2270604 e repercutindo o seu custo proporcionalmente aos adxudicatarios en función ao número de prazas de aparcadoiro.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Incoar expediente de contratación que teña por obxecto a contratación da Xestión do Servizo Público de aparcadoiros subterráneos nos lugares indicados no plano que se achega.

2º.- Iniciar os trámites de ampliación do aparcadoiro público en rexime de concesión na rúa Venezuela.

3º.- Inicar os trámites para contratar unha Asistencia Técnica ao obxecto de colaborar para presentación do anteproxecto de construción e explotación de aparcadoiros por importe de 12.000 € mediante o procedemento de contrato menor e con cargo á partida 2220 2270604 e repercutindo o seu custo proporcionalmente aos adxudicatarios en función ao número de prazas de aparcadoiro.

#### **10(498).- SOLICITUDE DE HIRMANDADE DE FESTAS DE SAN BLAS E SANTIAGO APOSTOL PARA QUE SE AUTORICE A CELEBRACIÓN DA FESTA DE SANTIAGO APOSTOL EN BEMBRIVE OS DÍAS DO 23 O 25 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 70953/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 5.05.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á HIRMANDADE DE FESTAS DE SAN BLAS DE SANTIAGO APOSTOL, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DE SANTIAGO APÓSTOL, os vindeiros 23, 24 e 25 de xullo de 2005 en Bembrive, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimita-lo recinto, deixar espacio baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de Santiago Apóstol.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado 3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**11(499).- SOLICITUDE DE GRUPO DE EMPRESA XERAL-CÍES DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DA FESTA DE NOSA SRA. DO PERPETUO SOCORRO, O DÍA 30.06.05. EXPTE. 70959/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 5.05.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR ao GRUPO DE EMPRESA XERAL-CIES, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DE NOSA SRA. DO PERPETUO SOCORRO, o 30 de xuño de 2005 no interior da Finca de San Roque, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado 3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**12(500).-SOLICITUDE DE A.V.V. CAMIÑO VELLO DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DO MOZ@ O DÍA 28.05.05. EXPTE. 70565/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 3.05.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CAMIÑO VELLO DE COIA, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración do DÍA D@ MOZ@, o 28 de maio de 2005 nos xardíns da Avda. Castelao, de 8:00 a 0:00 horas, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 0:00 horas
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**13(501).-SOLICITUDE DE ASOC. COORDINADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES PARA QUE SE AUTORICE A CELEBRACIÓN DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES O DÍA 21.05.05.. EXPTE. 70964/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 13.05.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

DESESTIMAR a petición formulada pola ASOCIACION COORDINADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES para a ocupación da vía pública con motivo da presentación da Carta Mundial das mulleres para a Humanidade, aprobado o 10 de decembro de 2004 en Rwanda, e a Manta tipo patchwork que se vai realizar en Vigo, por mor da Marcha Mundial das Mulleres , na Praza da Constitución, o 21 de maio do ano en curso ás 18 horas, por ser coincidente coa BATALLA DAS FLORES , organizada polo Concello de Vigo.

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN COORDINADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES para a ocupación da vía pública con motivo da da presentación da Carta Mundial das mulleres para a Humanidade, aprobado o 10 de decembro de 2004 en Rwanda, e a Manta tipo patchwork que se vai realizar en Vigo, por mor da Marcha Mundial das Mulleres, na Praza do Berbés, o 21 de maio do ano en curso as 18 horas.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**14(502).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN III ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O TRANSPORTE AO CAMPUS UNIVERSITARIO, E ADDENDA AO CONTRATO SUBSCRITO O 8.06.1995 PARA DITO SERVIZO. EXPTE. 70951/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, do 5.05.05, que di o seguinte:

- *Na sesión plenaria celebrada en data 28 de xullo de 2000, se acorda a modificación do sistema de transporte á Universidade de Vigo Lagoas Marcosende, aprobándose o gasto correspondente, e aprobándose os proxectos de convenios entre o Concello de Vigo e a empresa de transportes “Viguesa de Transportes, S. A”, e o Concello de Vigo e a Universidade, polos que establecece a prestación do servizo con carácter provisional e experimental até o 31 de decembro de 2000.*
- *Con data 10 de agosto de 2000, asinaronse os respectivos convenios coa Universidade de Vigo e coa empresa Viguesa de Transportes, S.A.*
- *Posteriormente en data 20 de abril de 2001 asinaronse novos convenios polos que se acorda manter o novo sistema de transporte urbano colectivo á cidade universitaria posto en funcionamento o 2 de maio de 2000, mediante o sistema de autobuses lanzadeira dende as prazas de América e de España até a Universidade financiándose o custe do servizo ao 50% entre a Universidade e o Concello, válidos por dous anos e que foron prorrogados por outros dous, finalizando a súa validez o 20 de abril de 2005.*

- Como queira que os resultados dos servizos foron satisfactorios respondendo a demanda dos universitarios, xurde a necesidade de manter o servizo nos próximos cursos, de conformidade coa acordos alcanzados coa Universidade de Vigo polo que procede a firma dun novo convenio coa Universidade, así como manter a modificación do servizo acordado coa empresa concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros ,
- Examinado o informe emitido pola Xefa de Seguridade e transportes na data 5 de maio de 2005 sobre a legalidade das propostas que se someten a aprobación,
- Asimesmo existe consignación orzamentaria no orzamento municipal correspondente ao ano 2005, partida núm. 51304700000, Subvención Lanzadeiras, estimándose o custe do servizo durante o ano 2005 na parte que corresponde ao Concello, de conformidade cos proxecto de convenio, e a proposta de modificación do servizo en 500.000 euros, aproximadamente.

*Polo exposto sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o seguinte A C O R D O...*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade e a interventora xeral.

### Acordo

A Xunta de Goberno local de conformidade coa devandita proposta acorda:

1º.- Manter o sistema de transporte á Cidade Universitaria Lagoas Marcosende, mediante lanzadeiras dende a praza de España e praza de América, implantado en data 2 de maio de 2000 ata o 31 de decembro de 2008, e aprobar en consecuencia a modificación do contrato suscrito entre a Concello de Vigo e a empresa Vitrasa concesionaria do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros na data 8 de xuño de 1995 incorporando ao mesmo a seguinte addenda:

*ADDENDA AO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS SUSCRITO EN DATA 8 DE XUNIO DE 1995 ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA "VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L", PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE AO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO.*

*En Vigo, a* \_\_\_\_\_ *de 2005*

### *REUNIDOS*

*Dunha banda a Excmá . Sra. dona Corina Porro Martínez, alcaldesa-presidenta da Excmá. Corporación Municipal en virtude de nomeamento por acordo plenario de data 13 de decembro de 2003.*

*Doutra banda D. Juan Carlos Villarino Tejada, con DNI 34.915.923- Z, en nome e representación da empresa "VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.", (en adiante VITRASA), según escritura nº 3720 de data 3 de novembro de 2004, ante o notario Ricardo Vilas de Escauriaza, con CIF B-36693778, con domicilio social en Vigo, ctra Camposancos 36 (Pontevedra).*

*Todos os comparecentes, na representación legal que ostentan, se recoñecen capacidade legal suficiente para subscribir o presente documento.*

#### MANIFESTAN

*PRIMEIRO.- Que por acordo plenario de dezaseis de setembro de mil novecentos noventa e catro, VITRASA é a sociedade concesionaria do servizo público regular de transporte colectivo no municipio de Vigo, do que é titular o Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que as relacións xurídicas entre as dúas partes se regulan no prego de condicións económico-administrativas e prescricións técnicas que rexiu o concurso público para a adxudicación do citado servizo de transportes; pola oferta coa que a citada sociedade concorreu ao concurso e polo contrato suscrito entre o Concello de Vigo e VITRASA o 8 de xuño de 1995, do cal os dous documentos anteriores son parte integrante.*

*TERCEIRO.- Que conforme ó artigo 15.1 do prego de condicións o Concello de Vigo, titular do servizo, ten a potestade de ordenar as modificacións deste que por razóns de interese público estime oportunas.*

*CUARTO.- Que é obriga do concesionario atender as modificacións do servizo ordenadas polo Concello, conforme ó disposto nos artigos 19.3, 20, 26 e 60 do prego de condicións.*

*QUINTO.- Que o establecemento de tarifas distintas á tarifa ordinaria ou de equilibrio da concesión é competencia do Concello, de acordo co disposto nos artigos 60, 62 e 63 do prego de condicións.*

*SEXTO.- Que o Concello e a empresa concesionaria asinaron un convenio en data 10 de agosto de 2000 para modificar o servizo de transporte público ao campus universitario de Vigo con novos itinerarios así como para establecer billetes de correspondencia que permitirán o intercambio con outras liñas da rede; modificación do servizo que se establecía de forma experimental e que obtivo uns resultados moi satisfactorios polo que se considerou conveniente mantelo nos mesmos termos aprobados no seu día.*

*En data 20 de abril de 2001 asínase un novo convenio polo cal se acorda manter o novo sistema de transporte colectivo urbano á Cidade Universitaria posto en funcionamento o 2 de maio de 2000, mediante o sistema de autobuses lanzadeira dende as prazas de América e España ata a Universidade, coa utilización dos billetes tarxetas de correspondencia, financiándose, así mesmo, o custe do servizo ao 50% entre a Universidade e o Concello.*

*O convenio, válido por dous anos, foi prorrogado por outros dous finalizando a súa validez o 20 de abril de 2005.*

*O citado servizo obtivo até a data uns resultados moi satisfactorios polo que se considera conveniente mantelo nos mesmos termos aprobados no seu día.*

*SÉTIMO.- Para tal fin, as partes conveñen en formalizar o presente contrato, que dé cobertura ao mantemento do servizo establecido, conforme coas seguintes*

#### ESTIPULACIÓNS

*PRIMEIRA.- Manter a modificación do servizo con destino e orixe no campus universitario de Vigo mediante lanzadeiras con orixe, respectivamente, nas prazas de España e América e con destino no citado Campus, posto en funcionamento o 2 de maio de 2000; é dicir, as frecuencias e viaxes con orixe ou destino ao CUVI serán as seguintes:*

*LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE AMÉRICA*

<i>franja horaria</i>	<i>frecuencia</i>	<i>coches</i>	<i>viaxes</i>
8:10 a 9:10	10´	6	12
9:10 a 14:00	30´	2	20
14:00 a 16:00	15´	4	16
16:00 a 19:00	30´	2	12
19:00 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		76	

*LANZADEIRA DENDE A PRAZA DE ESPAÑA*

<i>Franxa horaria</i>	<i>frecuencia</i>	<i>coches</i>	<i>viaxes</i>
8:10 a 9:10	15´	4	8
9:10 a 14:00	30´	2	20
14:00 a 16:00	15´	4	16
16:00 a 19:00	30´	2	12
19:00 a 21:45	15´	4	16
VIAXES POR DÍA		72	

<i>TOTAL DE VIAXES POR DÍA EN AMBAS LANZADEIRAS</i>	148
---	-----

*1 viaxe diario praza de América-Cuvi por Valadares as 8.10*

*As frecuencias, horarios e número de km. poderán ser obxecto de variación.*

*SEGUNDA.- VITRASA comprométese a manter o servizo establecido ata a finalización da vixencia do contrato na data 31 de decembro de 2008.*

*TERCEIRA.- Réxime económico do servizo. Segundo o disposto nos artigos 19.3, 20, 26 e 60 do prego de condicións, o Concello aboará á cantidade de 3.80 euros por quilómetro rodado, de acordo coa fórmula que figura na cláusula seguinte ; dito prezo actualizarase co do coche-quilómetro aprobado en cada momento.*

*Para tal efecto, practicarase unha liquidación mensual da seguinte maneira:*

$$(Pk * (Kn/Dn - Ko/Do) - Pbn * (Un/Dn - Uo/Do)) * Dn$$

*Onde*

<i>Kn</i>	<i>Km rodados ó mes en lanzadeiras + R7 (ano liquidación)</i>
<i>Ko</i>	<i>Km rodados ó mes en CUVIS + R8 (ano referencia 1999-2000)</i>
<i>Un</i>	<i>Nº usuarios lanzadeiras + R7 (ano liquidación)</i>
<i>Uo</i>	<i>Nº usuarios CUVI + R8 (ano referencia 1999-2000)</i>
<i>Pbn</i>	<i>Prezo billete</i>
<i>Pk</i>	<i>Prezo coche-km.</i>
<i>Dn</i>	<i>Nº días lectivos/mes (ano liquidación)</i>
<i>Do</i>	<i>Nº días lectivos/mes (ano referencia 1999-2000)</i>

*Se o resultado final da liquidación é menor que cero, VITRASA ingresarlle ao Concello a cantidade resultante no prazo de 30 días, se é maior que cero facturaralle ao Concello a diferenza mensualmente.*

*CUARTA.- Mantense o billete de correspondencia que facilita o intercambio dos viaxeiros con outras liñas, dende as cabeceiras de senllas lanzadeiras (praza de América e praza de España), sen necesidade de aboar o segundo billete. Tendo en conta que o sistema de billetaxe electrónica desenvolvida para VITRASA permite o establecemento deste tipo de billetes con transbordo, as partes acordan que os viaxeiros posuidores de tarxetas chip universitario poderán efectuar unha segunda viaxe, transbordando nas prazas de América e España a/dende as liñas que por eses puntos circulan, no prazo de 75 minutos que contan dende a emisión do primeiro billete.*

*QUINTA.- O presente contrato será válido ata o 31 de decembro de 2008.*

*E en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio, por cuadruplicado, a un só efecto, no lugar e data arriba indicados.*

*2º.- Aprobar o seguinte proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo polo que se acorda o mantemento do sistema do transporte á Cidade Universitaria Lagoas Marcosende, implantado por Acordo Plenario de data 28 de xullo de 2000.*

*CONVENIO III DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O TRANSPORTE AO CAMPUS UNIVERSITARIO.*

*Antecedentes*

*O Concello e a Universidade de Vigo subscribiron o 10 de agosto de 2000 un Convenio de Colaboración para dar resposta ás necesidades de transporte colectivo dos estudantes que se desprazan dende Vigo ao Campus Universitario sito en Lagoas Marcosende.*

*O referido convenio tiña vixencia dende o 2 de maio de 2000 ata o 31 de decembro de 2000.*

*En virtude del, o Concello e a Universidade acordaron financiar o cincuenta por cento do custe dun novo servizo de transporte colectivo ao Campus Universitario mediante lanzadeiras.*

*Durante o período experimental comprobouse que o novo servizo satisfacía as demandas de transporte ao Campus Universitario formuladas polos universitarios, polo que se considerou que debía manterse o servizo posto en marcha consistente nun servizo de lanzadeiras dende a praza de España e praza de América así como a utilización do billete de transferencia de tal xeito que permite acceder ao bus en todos os puntos da rede urbana do transporte, para o traslado até as mencionadas prazas e dende alí ser trasladados cun sistema de buses lanzadeira*



*até a Universidade o que permite o uso xeneralizado por toda a poboación de estudantes universitarios e unha importante mellora na frecuencia.*

*En data 20 de abril de 2001 fírmase un novo Convenio polo cal se acorda manter o novo sistema de transporte colectivo urbano á Cidade Universitaria posto en funcionamento o 2 de maio de 2000, mediante o sistema de autobuses lanzadeira dende as prazas de América e España até a Universidade, coa utilización dos billetes tarxetas de correspondencia, financiándose, así mesmo, o custe do servizo ao 50% entre a Universidade e o Concello.*

*O presente Convenio, válido por dous anos, foi prorrogado por outros dous, finalizando a súa validez o 20 de abril de 2005.*

*Á vista dos citados antecedentes e sendo vontade de ambas institucións manter o citado sistema por consideralo máis idóneo para a prestación do servizo e que satisface a demanda dos usuarios,*

#### **REUNIDOS:**

*Dunha parte:*

*D<sup>o</sup>. Corina Porro Martínez, Excma Sra. alcaldesa – presidenta do Excmo. Concello de Vigo, nomeada por acordo plenario de data 13 de decembro de 2003 e en representación deste, segundo o que dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*

*Doutra:*

*Doutra banda, o Excmo Sr. don Domingo Docampo Amoedo, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia núm. 185/2002 de 27 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG N<sup>o</sup> 102, de 29 de maio de 2002) dacordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica da Universidade 6/2001, de 21 de decembro e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, publicados no DOG N<sup>o</sup> 237, de 5 de decembro de 2003, con domicilio en Vigo (Pontevedra).*

#### **E X P O Ñ E N:**

*Que entre ambas institucións existe, dende a creación da Universidade de Vigo, unha ampla colaboración co obxectivo de contribuír a mellorar e xeneralizar o uso do transporte urbano colectivo á Universidade. Froito desa crecente colaboración enmárcase a modificación do sistema de transporte establecido a partir do 2 de maio do 2000 e até a data. Avaliados os datos considérase que o servizo ha de manterse nas mesmas condicións dos convenios asinados ata a data.*

*O sistema establecido, supón un número maior de quilómetros ao incrementar a frecuencia, e por tanto un maior custe, que o servizo que se prestaba con anterioridade. É vontade de ambas administracións non escatimar esforzos e asumir o custe adicional que supón o mantemento do sistema establecido no ano 2000.*

*E en virtude do exposto e tralas reunións mantidas e as propostas formuladas e o acordo económico acadado:*

#### **A C O R D A N:**

*A.- Manter o sistema do transporte colectivo urbano á Cidade Universitaria posto en funcionamento o 2 de maio do 2000, mediante o sistema de autobuses lanzadeira dende as prazas de América e España até a Universidade, coa utilización dos billetes-tarxetas de correspondencia, tal e como se ven prestando na actualidade.*

B.- A Universidade de Vigo, dende a firma do Convenio e ata o 31 de decembro do ano 2005, aboará un 40% do custo do servizo e o Concello un 60 %. Durante o ano 2006 a Universidade aboará un 30% e o Concello un 70%. Durante o ano 2007 a Universidade aboará un 20% e o Concello aboará un 80 %. Durante o ano 2008 a Universidade aboará un 10% e o Concello aboará un 90%.

O abono realizarase con cargo á partida 51304700000 do correspondente orzamento municipal e con cargo á partida 0000.211D.484.02 da Universidade de Vigo.

C.- O presente convenio terá unha validez ata o 31 de decembro do ano 2008.

D.- Adoptar os acordos necesarios para que pola empresa concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros "Viguesa de Transportes, S.L." se dé cobertura ao contido do presente convenio.

E.- Crearase unha comisión de seguimento ao convenio que estará formada por dous representantes da Universidade, designados por esta, e dous representantes municipais, pertencentes á Area de Mobilidade e Seguridade, que se reunirán como mínimo unha vez cada trimestre para avaliar o servizo.

F.- As controversias que poideran xurdir resolveranse pola citada comisión de seguimento. De non achegarse acordo someterase á xurisdición contencioso-administrativo.

*E en proba de conformidade os comparecentes asinan o presente convenio por cuadruplicado.*

3º.- Aprobar o gasto, a disponibilidad do crédito e realizar o aboamento dos gastos que se deriven do contido do citado convenio así como modificación do servizo proposta até un importe de 500.000 euros con cargo á partida 51304700000 Subvención Lanzadeiras do orzamento correspondente ao ano 2005.

**15(503).-DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 600 € A FAVOR DE MOBA HABITAD S.A. CONSTITUÍDO POLA RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA PI Y MARGALL Nº 39. EXPTE. 70941/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 29.04.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

*En data 30 de agosto de 2002, por parte de MOBA HABITAD, S.A, constituíuse un aval de 600 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PI Y MARGALL, 39 (expte 67955/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra, MOBA HABITAD, S.A, en data 13 de abril de 2005 solicita a baixa da mesma e a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 22 de abril de 2005, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval porque retiraron toda a sinalización de obra.*

*Polo exposto, sómétese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 30 de agosto de 2005 por MOBA HABITAD, S.A, con CIF A-36788495, por un importe de 600 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PI Y MARGALL, 39, por non producirse danos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda que se proceda á devolución do aval tal e como se recolle na precedente proposta.

### **16(504).-BASES DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS DA CONCELLERÍA DA MULLER PARA PROGRAMAS OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 2008/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.04.05 e de acordo co informe-proposta da técnica da oficina da Muller, do 19.04.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a seguinte convocatoria específica de subvencións para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2005.

2º.- Aprobar as Bases, que de seguido se transcriben e anexos obrantes no expediente, da convocatoria específica de subvencións da Concellería da Muller para programas ou actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2005.

3º.- Autorizar un gasto por importe máximo de 74.300 €, con cargo á partida 463.2.489.00.00 do presuposto vixente para o ano 2005, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.

#### **CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2005**

*Primeiro.-*

*Consonte co disposto no art 28 da Lei de bases do Reximen Local e disposicións concordantes, o II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007 aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 24 de novembro de 2004, e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Concellaría de Muller do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en rexime de concurrencia competitiva destinadas a programas e actividades e servizos de promoción da muller durante o exercicio do 2005.*

*Segundo.-*

*A contía da presente convocatoria ascende a 74.300 €, con cargo á partida 463.2.489.00.00 (subvencións) do presuposto vixente para o ano 2005 do programa orzamentario da Concellaría da Muller, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.*

*Terceiro.-*

*O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*Cuarto.-*

*As solicitudes presentaránse mediante instancia normalizada que se establece nas bases, Anexos I e II, e demais documentación requirida nas bases.*

*Quinto.-*

*O prazo para a execución das actividades subvencionables será ata o día 30 de novembro de 2005*

*Sexto.-*

*Apróbanse as bases, que se achegan ao expediente- Anexo 0-, que rexerán a convocatoria de subvencións destinadas a programas e actividades para a promoción da muller, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

#### *BASES DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLARÍA DA MULLER*

##### *CONVOCATORIA:*

*1.-Con carácter anual, e a poder ser dentro do primeiro trimestre do exercicio, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases.*

*2.- A convocatoria establecerá o termo para a presentación das solicitudes, por un periodo non inferior a 20 días naturais- contados, tras a publicación da convocatoria no BOP, crédito máximo para a convocatoria. Asemade, a convocatoria poderá complementar estas bases coa concreción de novas prioridades e obxectivos temáticos ou territoriais para a priorización de proxectos, número de proxectos que se poden presentar a cada epígrafe e variación de contías máximas a percibir.*

*Durante o periodo da convocatoria atoparanse expostas as bases no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e insertarase anuncio na paxina web do Concello xunto coa convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta.*

*3.- No caso de que unha vez resolta a convocatoria pública de subvencións e no transcurso do exercicio quedase crédito sen aplicación na partida correspondente, poderase atender aquelas solicitudes que non acadases subvención, sempre que estas solicitudes fosen presentadas no seu momento dentro da convocatoria, atendendo aos criterios, requisitos, procedementos e outros extremos expostos nestas bases.*

##### *PRIMEIRA.- Ámbito*

I. O fomento do asociacionismo feminino é o principal obxectivo da convocatoria específica de subvencións da Concellaría da Muller, aínda que non é o único. Desde o punto de vista da promoción da muller pódense agrupar en dous os tipos de asociacións existentes na nosa cidade:

1.- Asociacións especificamente de mulleres:

- de carácter e ámbito xeral
- de carácter xeral e ámbito territorial menor que o do termo municipal
- de carácter particular, dirixidas a mulleres que pertencen a un colectivo específico definido en relación con: maternidade, estado civil, profesión, etc.

2.- Entidades e asociacións mixtas que realizan actividades específicas de promoción da muller nos diversos sectores nos que actúan,

a) - cunha estrutura organizativa propia das mulleres como as Vógalías ou secretarías da muller :

- con base territorial nun barrio ou parroquia de Vigo: asociacións veciñais, culturais, deportivas, etc.
- con base nun colectivo social específico: inmigrantes, persoas discapacitadas, profesionais, asalariados e asalariadas, etc.

b) – sen contar cunha estrutura organizativa propia das mulleres.

II. Son competencia da Concellaría da Muller as subvencións dedicadas exclusiva e especificamente a programas e actividades de promoción da muller de cara á consecución da igualdade de oportunidades, no marco establecido pola ONU e as recomendacións do Parlamento Europeo: accións contra as discriminacións que sofren as mulleres polo mero feito de selo, así como no marco autonómico pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

#### SEGUNDA.- Características xerais das subvencións

- a) As entidades solicitantes non poderán ter fin de lucro.
- b) A resolución das solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía, unha vez realizados os informes e trámites preceptivos.
- c) A contía de cada subvención poderá chegar até o 100% do custo da actividade.
- d) As subvencións non son invocables como precedente. Non é, por tanto, esixible revisión, aumento ou anovación da subvención.
- e) As subvencións non supoñen relación laboral ningunha co Concello de Vigo
- f) A xustificación da subvención deberá realizarse polo 100% do seu importe.
- g) Serán susceptibles de subvención os proxectos realizados durante dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2005.
- h) A presente convocatoria ríxese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- i) A concelleira da Muller ten a facultade de interpretar as presentes bases.

#### TERCEIRA.- Condicións que deberán reunir as entidades solicitantes

Só poderán concorrer a esta convocatoria as asociacións que reunan as seguintes condicións:

- a) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e ter ao día a documentación.
- b) Estar ao día nas obrigas tributarias co Concello, Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

- c) O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente, actividades fora do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación ou implicación directa ca actividade da asociación e os obxectivos da convocatoria.

#### CUARTA.- Obxectivos

1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina e o fomento da participación social.

2.- Atender as demandas e necesidades das mulleres priorizadas no “II Plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007”.

3.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.

#### QUINTA.- Criterios de valoración das solicitudes

1.- Poderán denegarse as subvencións ás actividades ou proxectos que a interpretación da Concellaría da Muller:

1.1. Dupliquen as actividades organizadas pola propia concellaría.

1.2. Dupliquen os servizos ou actividades doutras administracións públicas ou incluso privadas cando estas teñan o total ou parte da actividade ou servizo subvencionada por calquera administración pública.

1.3. Excluíranse as actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros sectores do Concello: deportes, benéfico-social, educativo, promoción turística, xuvenís, animación sociocultural...

1.4. Excluíranse as actividades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional e as que inclúan actividades docentes previstas nos planos de ensino vixentes.

1.5. Que o proxecto inclúa os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

1.6. Os proxectos das entidades que non tivesen xustificado a subvención relativa á convocatoria anterior.

2.- Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes e puntuaríanse até un máximo de 5 puntos cada un deles:

a) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula cuarta das bases.

- calidade do proxecto: 0 a 2 puntos

- por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos contemplados na cláusula cuarta: 1 punto por cada obxectivo recollido ata un máximo de 3 puntos.

b) Características do proxecto:

- Ámbito de aplicación (0 a 1 punto)

- Número de beneficiarias (0 a 1 punto)

- Participación de voluntariado (1 punto)

- *Apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres (1 a 2 puntos)*
- c) *Formas de financiamento dos proxectos e achegas económicas das solicitantes, patrocinios, etc... Valorarase o maior investimento de recursos propios do solicitante nos distintos proxectos presentados, así como a infraestrutura, equipamento e recursos cos que conta a entidade para o desenvolvemento do proxecto.*

*SEXTA.-Presentación de solicitudes. prazo e documentación*

*1.- As solicitudes de subvención dirixiranse á Excm. Sra. alcaldesa e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.*

*Durante todo este período e co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrencia, as bases serán publicadas nos medios de comunicación local e atoparanse expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Rexistro Xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.*

*O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP)*

*2.- A solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:*

- a) *Solicitude de subvención dirixida á Excm. Sra. alcaldesa, segundo modelo normalizado (ANEXO I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.*
- b) *Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (ANEXO II). Complimentarase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación deberá achegarse currículo das/os monitoras/es.*
- c) *Programa das actividades a favor das mulleres que desenvolverá a entidade como data límite ata o 30 de novembro de 2005. No programa deberá especificarse o presuposto e este deberá vir asinado polo representante da entidade.*
- d) *Fotocopia do CIF da entidade solicitante.*
- e) *Certificación da Entidade bancaria: incluírá o/a titular (que deberá coincidir coa asociación solicitante) e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.*
- f) *Certificación que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, expedidas cunha antigüidade menor de seis meses. No caso de teren presentado xa a devandita documentación no Concello, sempre e cando non caducase, chegará con facelo constar indicando a convocatoria e o departamento no que foi entregada. A/o solicitante autoriza ao Departamento da Muller a que no seu nome solicite ao departamento municipal de Recaudación estar ao corrente dos pagos có Concello de Vigo.*

*A presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.*

*SÉPTIMA.- Tramitación, procedemento de concesión e xestión das subvencións.*

*1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Departamento da Muller da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.*

2.- Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requerido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende a recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimará a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrucción do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local que actuará como presidenta, a técnica do departamento de Muller e a asesora xurídica da área.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refire o apartado 1 da cláusula quinta e valoraranse as restante solicitudes, conforme co establecido no apartado 2 da mesma base.

5.- Correspondelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada da concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de catro meses que contará dende a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles ás/ós interesadas/os conforme o previsto no art. 58 da Lei 30/1992 LRX-PAC. As subvencións concedidas de importe superior a 3.000€ publicaránse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto de subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

6.- O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

7.- Contra as resolucións administrativas que se adopten en execución delas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcurso outro sen contestarse; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contenciosa administrativa (tras modificación dada pola Lei 19/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñer directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

8.- Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días, que contará desde o día seguinte da data de notificación, os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización.
- Data de inuguración e/ou clausura do evento.
- Sempre que fose posible, deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellaría da Muller, se non presentarse para a conformidade de acordo co previsto no apartado i) da cláusula oitava destas mesmas bases. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito no marxe do documento antes da súa impresión.



9.- *A Concellaría da Muller poderá solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposto na resolución definitiva sexa inferior ao 25% do importe solicitado. A reformulación deberá respectar o obxecto, condicións, finalidade e criterios de valoración da convocatoria.*

*OITAVA.-Obrigas:*

*Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:*

*a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*

*c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*

*d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autora e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención*

*e) Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restante obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.*

*f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.*

*g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.*

*h) Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a*

*Concellaría da Muller, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*i) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, farase constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría da Muller, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.*

*j) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría da Muller estudará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

*NOVENA.- Compatibilidade.*

*A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.*

*DÉCIMA.- Pagamento e xustificación.*

1.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral, antes do 15 de decembro do correspondente exercicio económico, da seguinte documentación xustificativa:

a) Breve memoria de avaliación da actividade ou programa subvencionado asinada polas persoas responsables da actividade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Explicación do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa: folletos, impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

- Relación de ingresos e gastos: detalle dos gastos e das contías ingresadas por todos os conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención, contías das subvencións recibidas de institucións, achegas económicas doutros patrocinadores, ingresos diversos, contías e procedencia.

- Se a actividade desenvolvida fose un curso ou un servizo facilitarase unha relación co nome do alumnado participante.

- Outros datos que a xuízo do departamento da muller sexan necesarios para axustarse ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen para as avaliacións do “II plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e o “III plan municipal de igualdade” .

b) Facturas orixinais polo importe subvencionado. Neste sentido non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo artigo 6 do R.D. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais. As facturas presentadas terán que estar emitidas a nome da entidade perceptora da subvención, reflexando de forma expresa que o seu pago foi efectuado, e en todos elas deberá figurar o “conforme” do/a presidente/a da entidade así como:

- .- Nome ou razón social do proveedor, co sue NIF ou CIF correspondente
- .- Importe da factura e IVE no seu caso
- .- Identificación completa de quen aboa o importe
- .- Descrición suficiente da subministración ou servizo
- .- Numero e data da factura

c) Copias das liquidacións dos IRPF que legalmente correspondan.

2.- Procederá por razóns xustificadas, ó dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas pola entidade beneficiaria.

A resolución da redución das axudas será competencia da Concellaría da Muller. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

3.-No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellaría de Muller, o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.

Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, canda menos un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán á máis dun proxecto.

*Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases e deberán xustificarse nos prazos e condicións.*

*Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:*

- a) enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases*
- b) ser de igual nivel técnico que o proxecto o cal substitúe*
- c) ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases.*

*En calquer caso, será a Concellaría da Muller quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.*

*4.- No caso de que a entidade beneficiaria xustifique gasto inferior ao 50% do importe subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- Renovación, renuncia, reintegro e réxime sancionador.*

*1.- Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:*

*a) Incumplimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento. A variación da finalidade da actuación. A insuficiente xustificación do proxecto. A obtención concurrente doutras axudas compatibles ou incompatibles. Estas circunstancias darán lugar á revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.*

*b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

*2.- O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención. Neste caso reintegrará o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumplimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*

*3.- Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*

*4.- As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*DECIMO SEGUNDA.- Publicidade.*

*As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado supera os 3.000€, ou no taboleiro de anuncios da entidade local no restantes casos. En ambos casos exprésarase ao beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.*

*DECIMO TERCERA.- Seguimento, control e inspección.*

*O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.*

*DECIMO CUARTA.- Disposicións finais.*

*1.- O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.*

*2.- En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.*

**17(505).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 4.496,83 € A FAVOR DE CONSTRUCCIONES CARDEÑOSO S.L. POLA REALIZACIÓN DA OBRA REALIZADA NA SEDA DA A.VV FONTE DO GALO. EXPTE. 2336/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable de Intervención Xeral, do 2.05.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 5.05.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva polo importe de 4.496,83 €, á empresa Construcciones Cardeñoso SL, pola realización da obra realizada na sede da A.VV. Fonte do Galo.

**18(506).- RECLAMACIÓN DE DANOS:**

a) XOSÉ CARLOS DAFONTE MARTÍNEZ. EXPTE. 16558/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10.03.05 da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, en relación coa reclamación de D. Xosé Carlos Dafonte Docampo en nome e representación de D. Manuel Dafonte Martínez, por danos sufridos na vivenda ubicada na Avda. de Castrelos nº 45 ao inundarse a causa da auga que saía do bote sifónico procedente das tuberías de desagüe; visto o ditame desfavorable do Consello Consultivo da Xunta de Galicia, de 13.04.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3.05.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación formulada por don Xosé Carlos Dafonte Docampo, en nome e representación de don Manuel Dafonte Martínez, por non corresponder a responsabilidade patrimonial dos danos ao Concello de Vigo.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33-1-i do devandito Regulamento.

b) EDUARDO M. FANDIÑO VÁZQUEZ. EXPTE. 16751/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 4.03.05 da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, en relación coa reclamación D. Eduardo M. Fandiño Vázquez por danos causados ao ceder unha arqueta do chan ubicada á altura do edificio de Aduanas; visto o ditame favorable do Consello Consultivo da Xunta de Galicia, de 18.04.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.05.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. -Estimar a reclamación de don Eduardo M. Fandiño Vázquez.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Aqualia-FCC, S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido na cláusula 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 2. 210, 27 euros.

3º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33-1-i do devandito Regulamento.

c) ROSARIO MARTÍNEZ ACUÑA. EXPTE. 16642/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 11.03.05 da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, en relación coa reclamación D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Rodríguez Vázquez en nome e representación de D<sup>a</sup> Rosario Martínez Acuña, por danos causados ao cair polo mal estado da beirarrúa da rúa Coruña á altura do nº 18; visto o ditame desfavorable do Consello Consultivo da Xunta de Galicia, de 18.04.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona M<sup>a</sup> Luz Rodríguez Vázquez, en nome e representación de dona Rosario Martínez Acuña, por non corresponder ao

Concello de vigo a responsabilidade dos danos ao non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33-1-i do devandito Regulamento.

d) DAVID GONZÁLEZ SERRANO. EXPTE. 16433/240.ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10.03.05 da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, en relación coa reclamación de D. David González Sánchez, por danos causados no seu vehículo a consecuencia do mal estado dun sumidoiro da rúa Maceira de Teis; visto o ditame favorable do Consello Consultivo da Xunta de Galicia, de 18.04.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Don David González Sánchez.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Aqualia-FCC, S.A. , empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 580,77 euros máis os xuros legais correspondentes.

3º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33-1-i do devandito Regulamento.

e) Mª CARMEN LÓPEZ CABELLO. EXPTE. 15701/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 4.03.05 da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, en relación coa reclamación de Dª Marta Barreiro Cuiñas en nome e representación de Dª Mª Carmen López Cabello, por danos producidos ao cair por mor dunha fochanca existente na calzada da rúa Barcelona á altura do nº 13; visto o ditame favorable do Consello Consultivo da Xunta de Galicia, de 18.04.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de dona María Carmen López Cabello por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

2º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33-1-i do devandito Regulamento.

**19(507).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DAS REPARACIÓNS NAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11135/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas de data 31.03.05, e os informe complementarios asinados polo enxeñeiro industrial municipal, o prego de cláusulas administrativas de data 5.04.05, asinado polo xefe de Negociado de Contratación, ambos para a reparación de instalacións de alumeado público do Concello de Vigo; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica, do 15.04.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación do 6.04.05, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 94.963,99 euros para a a reparación de instalacións de iluminación pública do concello de Vigo que se imputarán á partida 4324.213.00.01 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a reparación de instalacións de iluminación pública do concello de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**20(508).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A MONITORAXE EN CESTERÍA DE MADEIRA ABERTA E COLMO DENTRO DO PROGRAMA FORMATIVO DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 2738/307.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 20.04.05, que di o seguinte:

*O xefe dos servizo de Patrimonio Histórico remite os expedientes para a contratación do monitoraxe en cestería de madeira fendida e colmo dentro do programa formativo da casa do Cesteiro.*

*No expediente, o xefe do servizo, propón que se contrate a Dna María Jesús Barreiro García (NIF: 36.095.973-A) para a impartición dos cursos de cestería de madeira fendida e colmo xustificando o motivo da contratación no seu informe.*

*No expediente remitido consta un prego de condicións técnicas para a contratación por procedemento negociado das devanditas asistencias técnicas.*

*Do contido dos pregos de condicións e dos infomes que O compañ se deduce (especialmente no apartado condicións da prestación no que se fixa un horario de 5 horas diarias das que catro e media se destinarán á impartición de cursos) que o obxecto do contrato é a impartición de formación e monitoraxe.*

*O artigo 200 da Lei de Contratos das Administracións Públicas respecto o réxime de contratación das actividades docentes dí o seguinte:*

*“Artículo 200. Régimen de contratación para actividades docentes.*

*1. En los contratos regulados en este Título que tengan por objeto la prestación de actividades docentes en centros del sector público desarrolladas en forma de cursos de formación o perfeccionamiento del personal al servicio de la Administración o cuando se trate de seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboraciones o cualquier otro tipo similar de actividad, siempre que dichas actividades sean realizadas por personas físicas, las disposiciones de esta Ley no serán de aplicación a la preparación y adjudicación del contrato.*

*2. En esta clase de contratos podrá establecerse el pago parcial anticipado, previa constitución de garantía por parte del contratista, sin que pueda autorizarse su cesión.*

*3. Para acreditar la existencia de los contratos a que se refiere este artículo, bastará la designación o nombramiento por autoridad competente.*

*Respecto á aplicación de este artigo para o suposto que nos ocupa é esclarecedor o informe 19/02, de 13 de xuño de 2002 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que se chega no expediente e no que conclúe o seguinte:*

*“Por lo expuesto la Junta Consultiva de Contratación Administrativa entiende que la exclusión de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas para la preparación y adjudicación de los contratos a que se refiere el artículo 200.1 exige como requisito inexcusable que se celebren con personas físicas y que las expresiones genéricas de "seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboraciones o cualquier otro tipo similar de actividad" permiten considerar incluidos en los mismos los "cursos", sin que éstos, para la aplicación del precepto, hayan de tener por objeto la formación o el perfeccionamiento del personal al servicio de la Administración.”*

*A vista de estas circunstancias entendo que para efectuar a contratación de Dna María Jesús Barreiro García como monitora de cestería de madeira aberta e colmo é suficiente a designación ou nomeamento pola Xunta de Goberno local.*

*Como condicións para a execución dos traballos establécense as que figuran en esta proposta.*

*O gasto que xenere o expediente pode imputarse á partida 4531.227.06.01.*

*A vista das anteriores circunstancias proponse, previo informe da Intervención Xeral, á Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:...”*

*Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro delegado da Área de Patrimonio Histórico e pola interventora xeral.*

### Acordo

*A Xunta de Goberno local, de conformidade coa precedente proposta, acorda:*



1º.- Aprobar o gasto de 12.395,86 euros/ano para contratar a actividade docente de cestería de madeira fendida e colmo dentro do programa formativo da casa do Cesteiro que e imputaran á partida 4531.227.06.01. do orzamento do ano 2005 e sucesivos.

2º.- Contratar con Dna María Jesús Barreiro García (NIF: 36.095.973-A) a actividade docente (monitoraxe) de cestería de madeira fendida e colmo dentro do programa formativo da casa do Cesteiro, por un importe anual de 12.395,86 euros/ano e de acordo coas seguintes condicións:

a) Obxeto: impartición de formación e monitoraxe do alumnado na especialidade de cestería rural e en madeira fendida e colmo dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro, dependente do Servicio municipal de Patrimonio Histórico.

b) Obrigas:

1. Participar na comisión de selección do alumnado do programa formativo de a Casa do Cesteiro
2. Supervisar o cumprimento dos horarios establecidos para cada curso impartido.
3. Supervisar a asistencia a clase dos alumnos de cada curso.
4. Proporcionar asesoramento sobre os contidos a desenvolver dentro da programación dos cursos a impartir
5. Desenvolver de forma óptima os contidos dos seguintes cursos do programa formativo de a Casa do Cesteiro.
  - Cestería de colmo. Especialidade 100 horas
  - Cestería de madeira fendida. Pincipios básicos 150 horas.
  - Cestería de madeira fendida. Especialidade 300 horas
  - Cestería de vimbio. Introducción 30 horas
  - Cestería de colmo. Introducción 45 horas
  - Cestería de madeira fendida. Introducción 45 horas
6. Levar a cabo aquelas adaptacións curriculares que se presenten na formación.
7. Integrar na formación as técnicas e procesos recollidos nos traballos de campo realizados polo centro.
8. Realizar o seguimento e avaliación da formación impartida
9. Participar na xunta de avaliación.
10. Participar naquelas actividades complementarias á formación que se realicen fora das instalacións do centro.
11. Realizar os traballos de mantemento e conservación da ferramenta, maquinaria e equipamento preciso para o desenvolvemento dos cursos.
12. Anticipar e notificar á coordinadora da Casa do Cesteiro as necesidades de ferramenta, maquinaria e materias primas que xurdan no desenvolvemento dos cursos.
13. Notificar á coordinadora da Casa do Cesteiro todos aqueles incidentes que se produzan na formación e que afecten o desenvolvemento da mesma.
14. Supervisar que os participantes nos cursos cumpran coas normas de seguridade e hixiene necesarias para o desenvolvemento da actividade
15. O tempo de dedicación será de cinco horas diarias, de luns a venres, con presenza na Casa do Cesteiro, na rúa Real, 12, no Centro de Artesanía Tradicional, na rúa Subida á Castelo, 10 ou no

Servicio de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, en función das necesidades expresadas pola xefatura do servizo municipal de Patrimonio Histórico. O horario de presenza será de 16:00 a 21 horas, con 4 horas e media diarias para a impartición de cursos e o resto da xornada dedicada ós labores de asesoramento, programación, control de almacén etc.

16. As infraestructuras xunto coas ferramentas, materias primas e equipamento necesarios para o desenvolvemento dos cursos serán a cargo do concello de Vigo

c) A duración dos traballos será de dous anos dende a sinatura do contrato prorrogable por outros dous, por vontade de ámbalas dúas partes de forma expresa.

d) Prezo e forma de pagamento: Establécese un prezo anual, tódolos conceptos incluídos de 12.395,86 € (IVE incluído). Esta cantidade farase efectiva por parte do Concello en pagamentos mensuais por importe de 1.032,99 € cada un. No segundo ano aplicarse ó prezo o correspondente incremento do I.P.C.

e) Para a formalización e execución do contrato rexirá o disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o seu Regulamento Xeral.

f) Dña María Jesús Barreiro García terá que constituir previamente a formalización do contrato unha garantía definitiva por importe de 991,66 euros.

**21(509).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA MONITORAXE EN CESTERÍA DE VIMBIO DENTRO DO PROGRAMA FORMATIVO DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 2737/307.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 21.04.05, que di o seguinte:

*O xefe dos servizo de Patrimonio Histórico remite os expedientes para a contratación do monitoraxe en cestería de vimbio dentro do programa formativo da casa do Cesteiro.*

*No expediente, o xefe do servizo, propón que se contrate a D Antonio Suarez Davila (NIF: 35.916.834-B) para a impartición dos cursos de cestería de vimbio xustificando o motivo da contratación no seu informe.*

*No expediente remitido consta un prego de condicións técnicas para a contratación por procedemento negociado das devanditas asistencias técnicas.*

*Do contido dos pregos de condicións e dos infomes que o compañan se deduce (especialmente no apartado condicións da prestación no que se fixa un horario de 5 horas diarias das que catro e media se destinarán á impartición de cursos) que o obxeto do contrato é a impartición de formación e monitoraxe.*

*O artigo 200 da Lei de Contratos das Administracións Públicas respecto o réxime de contratación das actividades docentes dí o seguinte:*

*“Artículo 200. Régimen de contratación para actividades docentes.*

1. En los contratos regulados en este Título que tengan por objeto la prestación de actividades docentes en centros del sector público desarrolladas en forma de cursos de formación o perfeccionamiento del personal al servicio de la Administración o cuando se trate de seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboraciones o cualquier otro tipo similar de actividad, siempre que dichas actividades sean realizadas por personas físicas, las disposiciones de esta Ley no serán de aplicación a la preparación y adjudicación del contrato.

2. En esta clase de contratos podrá establecerse el pago parcial anticipado, previa constitución de garantía por parte del contratista, sin que pueda autorizarse su cesión.

3. Para acreditar la existencia de los contratos a que se refiere este artículo, bastará la designación o nombramiento por autoridad competente.”

Respecto á aplicación deste artigo para o suposto que nos ocupa é esclarecedor o informe 19/02, de 13 de xuño de 2002 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que se chega no expediente e no que conclúe o seguinte:

“Por lo expuesto la Junta Consultiva de Contratación Administrativa entiende que la exclusión de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas para la preparación y adjudicación de los contratos a que se refiere el artículo 200.1 exige como requisito inexcusable que se celebren con personas físicas y que las expresiones genéricas de "seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboraciones o cualquier otro tipo similar de actividad" permiten considerar incluidos en los mismos los "cursos", sin que éstos, para la aplicación del precepto, hayan de tener por objeto la formación o el perfeccionamiento del personal al servicio de la Administración.”

A vista de estas circunstancias entendo que para efectuar a contratación de D Antonio Suarez Davila como monitor de cestería de vimbio é suficiente a designación ou nomeamento pola Xunta de Goberno local.

Como condicións para a execución dos traballos establécense as que figuran en esta proposta.

O gasto que xenere o expediente pode imputarse á partida 4531.227.06.01.

A vista das anteriores circunstancias proponse, previo informe da Intervención Xeral, á Xunta de Goberno do concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:..”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro delegado da Área de Patrimonio Histórico e pola interventora xeral.

### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa precedente proposta, acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 12.395,86 euros/ano para contratar a actividade docente de cestería de vimbio dentro do programa formativo da casa do Cesteiro que e imputaran á partida 4531.227.06.01. do orzamento do ano 2005 e sucesivos.

2º.- Contratar con D. Antonio Suárez Davila (NIF: 35.916.834-B) a actividade docente (monitoraxe) de cestería de vimbio dentro do programa formativo da casa do Cesteiro, por un importe anual de 12.395,86 euros/ano e de acordo coas seguintes condicións:

a) Obxeto: impartición de formación e monitoraxe do alumnado na especialidade de cestería urbanal en vimbio dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro, dependente do Servicio municipal de Patrimonio Histórico.

b) Obrigas:

1. Participar na comisión de selección do alumnado do programa formativo de a Casa do Cesteiro
2. Supervisar o cumprimento dos horarios establecidos para cada curso impartido.
3. Supervisar a asistencia a clase dos alumnos de cada curso.
4. Proporcionar asesoramento sobre os contidos a desenvolver dentro da programación dos cursos a impartir
5. Desenvolver de forma óptima os contidos dos seguintes cursos do programa formativo de a Casa do Cesteiro.
  - Técnicas básicas de cestería. 100 horas
  - Cestería de vimbio pelado. Pincipios básicos 150 horas.
  - Cestería de vimbio pelado. Especialidade 150 horas
  - Cestería de vimbio con pel. Principios básicos 100 horas
  - Cestería de vimbio con pel . Especialidade 200 horas
6. Levar a cabo aquelas adaptacións curriculares que se presenten na formación.
7. Integrar na formación as técnicas e procesos recollidos nos traballos de campo realizados polo centro.
8. Realizar o seguimento e avaliación da formación impartida
9. Participar na xunta de avaliación.
10. Participar naquelas actividades complementarias á formación que se realicen fora das instalacións do centro.
11. Realizar os traballos de mantemento e conservación da ferramenta, maquinaria e equipamento preciso para o desenvolvemento dos cursos.
12. Anticipar e notificar á coordinadora da Casa do Cesteiro as necesidades de ferramenta, maquinaria e materias primas que xurdan no desenvolvemento dos cursos.
13. Notificar á coordinadora da Casa do Cesteiro todos aqueles incidentes que se produzan na formación e que afecten o desenvolvemento da mesma.
14. Supervisar que os participantes nos cursos cumpran coas normas de seguridade e hixiene necesarias para o desenvolvemento da actividade
15. O tempo de dedicación será de cinco horas diarias, de luns a venres, con presenza na Casa do Cesteiro, na rúa Real, 12, no Centro de Artesanía Tradicional, na rúa Subida á Castelo, 10 ou no Servicio de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, en función das necesidades expresadas pola xefatura do servicio municipal de Patrimonio Histórico. O horario de presenza será de 16:00 a 21 horas, con 4 horas e media diarias para a impartición de cursos e o resto da xornada dedicada ós labores de asesoramento, programación, control de almacén etc.
16. As infraestructuras xunto coas ferramentas, materias primas e equipamento necesarios para o desenvolvemento dos cursos serán a cargo do concello de Vigo

c) A duración dos traballos será de dous anos dende a sinatura do contrato prorrogable por outros dous, por vontade de ámbalas dúas partes de forma expresa.

d) Prezo e forma de pagamento: Establécese un prezo anual, tódolos conceptos incluídos de 12.395,86 € (IVE incluído). Esta cantidade farase efectiva por parte do Concello en pagamentos mensuais por importe de 1.032,99 € cada un. No segundo ano aplicarse ó prezo o correspondente incremento do I.P.C.

e) Para a formalización e execución do contrato rexirá o disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o seu Regulamento Xeral.

f) D Antonio Suarez Davila terá que constituir previamente a formalización do contrato unha garantía definitiva por importe de 991,66 euros.

**22(510).- ABOAMENTO DE DÉBEDAS DE MENOR CONTÍA E EXECUCIÓN DE SENTENZA POR IMPORTE DE 16.616,01 € Á TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL. EXPTE. 15761/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Persoal, do 5.05.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*En relación coa certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social aportada a este Concello de estar ao corrente do Pago nas cotas que debe ingresarse mensualmente, informan que a día 28.04.2005 mantemos unha DÉBEDA GLOBAL que ascende a 38.944'28,-€.-*

*A este respecto cabe aclarar os seguintes extremos. Na Xunta de Goberno Local en sesión 21.6.2004 acordouse a “execución da sentenza do TXSG referente a débedas contraídas fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social en relación co persoal da extinta MUNPAL expte. 15111/220” xa que as Sentencias do Tribunal Contencioso-Administrativo son firmes e se procedeu a executar as mesmas cuxo importe GLOBAL ASCENDÍA A 181.950'8,-€ (30.274.066,- das antigas pesetas), dándose traslado do expte. a Intervención de Fondos Xeral para facer efectivo o seu pago.-*

*Na Xunta de Goberno Local en sesión de 19.7.2004 aprobouse facer efectivo o aboamento de 8.994'92,-€ como débeda pendente da Tesourería Xeral da Seguridade Social, despois de facer unha devolución de ingresos por FORMALIZACIÓN minorizando unha das débedas (do período de 11-2000) e anulando outra delas (do período de 07-2000), e dito desglose especificabase no informe anexo de data 02.07.2004 de dita comisión.-*

*No informe de referencia da citada Xunta de Goberno Local (19-7-2004) mencionabase no apartado que “de todos los períodos relacionados por la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social se ha procedido a hacer efectivo el importe de dichas deudas, por ser firmes sus sentencias, a excepción del período de 12/1999 (Nº Doc. 00/011106762) cuyo importe asciende a 38.181'39,-€, que todavía está paralizada al no haber pronunciamiento por parte del Tribunal Contencioso-Administrativo”.-*

*Na certificación emitida actualmente, de data 28.4.2005, xa facíase constar que mantiñamos unha débeda global de 38.944'28,-€. No seu desglose detállase xa como principal o que se cita anteriormente, Doc. Nº 36/01/03/00/11106762, do período de 12-99, xa que neste momento a “SENTENCIA XA È FIRME” e o resto, 762'98,-€ corresponde a pequenas contías de diferencias en TC'S pola aplicación do mínimo eisixido de 180 días*

cotizados que establece a Seguridade Social para ter dereito a prestación de IT nos supostos de traballadores contratados temporalmente e que non os reúnen, polo que iría a cargo da empresa o carecer de dito requisito.-

Segundo acredita a Tesourería Xeral da Seg.Social na conta de Recursos Diversos Provinciales da que e titular dito organismo este Concello ten un saldo a seu favor de 22.328'27,-€. Regularizada a débeda pendente, indicannos que o importe a ingresar sería de 16.616'01,-€ para poder CANCELAR A DEUDA GLOBAL, una vez que ésta Sentenza xa é firme e consta na vía executiva na Tesourería.-

Por todo o exposto, e co obxecto de subsanalar débedas de menor cuantía e a Sentenza en firme que estaba paralizada por non haber pronunciamento por parte do Tribunal Contencioso-Administrativo, tras efectuar a regularización do pagamento por parte da Tesourería Xeral da Seguridade Social e minorizar a débeda con cargo ao saldo a favor deste Concello, procede o aboamento correspondente mediante transferencia á conta citada nº 2038 4016 93 6000056419 e sometese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

“ Acordar o pagamento efectivo das débedas de menor cuantía e Sentenza en firme que atopabase pendente de execución que este Concello mantén coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e que os importes ascenden a:

CÒDIGO CUENTA	Nº DOC.	PERÌODO	IMPORTE
36100466455	3601030011106762	12-1999	38.181'40,-€
36107641021	3601030512160014	12-2004	127'26,-€
36107641021	3601030512533361	01-2005	161'97,-€
36108365588	3601030432134153	09-2004	98'33,-€
36108365588	3601030510268716	10-2004	98'33,-€
36108365588	3601030512188003	12-2004	90'13,-€
36108365588	3601030512560239	01-2005	88'63,-€

Sendo a CANTIDADE GLOBAL A INGRESAR DE 16.616'01,-€ (o ter a Tesourería un saldo a favor do Concello por importe de 22.328'27,-€) perante TRANSFERENCIA na conta de RECURSOS DIVERSOS PROVINCIALES Núm.2038 4016 93 6000056419 da que é titular dito organismo, tal como acredita na súa certificación anexa.”

Dése traslado do referido acordo a Intervención Xeral para proceder a seu correspondente aboamento, debendo remitir xustificante do ingreso ao Dpto. de Persoal para que o envíen de inmediato á Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social, a fin de que regularicen esta situación e expidan o correspondente certificado de que este Concello está ao corrente no pago das cotas da Seguridade Social.-

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(511).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE PERSOAL DE REDUCCIÓN DE XORNADA DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN SOTO FERNÁNDEZ POR COIDADO DIRECTO DUN MENOR DE SEIS ANOS. EXPTE. 15685/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Persoal, do 11.04.05, pola que acorda:

*Autorizar a redución de xornada en unha hora solicitada por Dona M<sup>a</sup> Carmen Soto Fernández, número de persoal 23484, con posto de auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servicio de Administración de Tributos, coa correspondente redución proporcional de retribucións, de conformidade co previsto no artigo 11. c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo, co que pasará a realizar o seguinte horario de 8,45 a 15,00 horas polo coidado dun fillo menor de 6 anos.*

*A presente redución de xornada rematará no momento en que o menor cumpla a idade máxima legalmente prevista para o outorgamento do permiso ou así o solicite a interesada. A tales efectos a mesma deberá acreditar, con anterioridade ao seu inicio, a relación de garda legal que ostenta sobre o menor, mediante copia auténtica do libro de familia, certificación do rexistro civil, resolución xudicial ou calquera outro documento público que de fe de dita situación.*

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da resolución

**24(512).- DAR CONTA DE SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2, RECAÍDA EN AUTOS 64/2005, SOBRE INVALIDEZ EN DEMANDA INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> MARÍA DAMEA POUSA. EXPTE. 15746/220. DESESTIMADA.**

Dáse conta da sentenza de data 12.04.05, dictada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, recaída en autos nº 64/2005 en demanda interposta por D<sup>a</sup> María Damea Pousa, traballadora do Instituto Municipal de Deportes como limpiadora, contra o Instituto Nacional da Seguridade Social, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Mutua Galega de Accidentes de Traballo e o Concello de Vigo, en reclamación de situación de incapacidade permanente total ou subsidiariamente de incapacidade permanente parcial para o seu traballo habitual, con dereito ás prestacións que regulamentariamente se establezan.

A sentenza desestima integramente a devandita demanda, absolvendo aos demandados de todos os pedimentos formulados na súa contra.

**25(513).- APROBACIÓN INICIAL DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA 2ª FASE DA U.A. II ROTEAS EN CORUXO. EXPTE. 4572/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 29.04.05, que di o seguinte:

*1.- En data 30/04/1997 o pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da UA 11 Roteas (Hermida, San Miguel de Oia) redactado polos servizos técnicos municipais da oficina de Planeamento, en coordinación cos do Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia -IGVS- (expte. 4197/411).*

*No día 04/09/1998 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito, a instancia do IGVS (expte. 4062/401).*

*O IGVS executou as obras de urbanización e edificación previstas neses proxectos urbanísticos, previa derruba das vivendas sociais antes existentes, para realoxo dos residentes nelas.*

2.- En data 30/03/2004 o xefe provincial do IGVS interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación dunha modificación puntual do citado Estudio de Detalle. Dita modificación puntual xa se aprobou inicialmente e se expuso ó público sen recibir ningunha alegación en contra (expte. 8962/411). No 27/07/2004 a Dirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia emitiu Informe favorable sobre as conexións viarias coa estrada autonómica PO 552 Vigo-Tuy. Está pendente de aprobación definitiva polo Pleno municipal, cos informes favorables pertinentes.

3.- No 10/01/2005 o xefe provincial do IGVS presentou na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do Proxecto de Urbanización referido á segunda fase do ámbito de referencia.

No 07/02/2005 o enxeñeiro industrial municipal da oficina de servizos electromecánicos emitiu un Informe no que manifestou a necesidade de corrixir certos aspectos menores do Proxecto de Urbanización. No 14/03/2005 o representante da concesionaria "Aqualia" emitiu un Informe sobre a evacuación das augas pluviais do ámbito. No 08/04/2005 o Enxeñeiro técnico agrícola da oficina municipal de montes, parques e xardíns emitiu Informe favorable sobre o Proxecto de Urbanización.

4.- En data 25/04/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe no que entre outros extremos fixo consta-lo seguinte:

(...) A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad 357.977.53 Euros. El Proyecto consiste en completar la urbanización de la calle principal de la Unidad de Actuación, del camino existente en el lindero sur con la sección prevista en el PGOU, de la zona verde, y de los espacios libres entre los edificios. También se ordena y se regula el contacto con la carretera PO – 552 Vigo – Tuy. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales, resolviéndose la evacuación de aguas pluviales tanto de la primera Fase como de esta, a través de la cuneta de la carretera mencionada, la cual descarga en el regato que Aqualia señala como punto recomendado; además se debe eliminar el tendido aéreo existente. Tal y como se recoge en la Memoria, la existencia de roca como material constitutivo del terreno hará necesario el empleo de medios de excavación apropiados, los cuales se pondrán en conocimiento de los Técnicos Municipales, para poder comprobar su adecuación a la Normativa sectorial que en materia de contaminación, les sea de aplicación. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad."

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

II.- De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 357.977,53 euros.

Así mesmo, a aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización require da previa aprobación definitiva da modificación do Estudio de Detalle que se está tramitando no expte. 8962/411



III.- Durante a execución das obras deberán respectarse os límites de contaminación acústica establecidos na Lei galega 7/1997, do 11 de agosto, e na vixente ordenanza municipal contra a contaminación acústica. Deberán especificarse no Proxecto de Urbanización as medidas que se adoptarán para minimizar os ruidos que conleve a execución destas obras.

IV.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*PRIMEIRO:* Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da segunda fase da "UA 11 Roteas" (Coruxo), promovido polo IGVS da Xunta de Galicia, e redactado pola arquitecta D<sup>a</sup> Elena de las Cuevas Fraga (Expte. 4572/401).

*SEGUNDO:* Antes da aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización deberán efectuarse as correccións requiridas polo enxeñeiro industrial municipal de servizos electromecánicos no seu Informe do 07/02/2005 e pola concesionaria "Aqualia" no seu Informe do 14/03/2005. Tamén deberá incorporarse un anexo sobre o cumprimento da normativa contra a contaminación acústica durante a execución das obras, coas medidas correctoras pertinentes.

*TERCEIRO:* Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ó IGVS xunto cunha copia dos informes municipais antes citados. Notifíquese tamén á Dirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia, propietarios do ámbito, entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e equipo redactor do novo Plan Xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(514).-DECLARACIÓN DE NULIDADE DE LICENZA DE OBRAS CONSONTE O DITAME FAVORABLE DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALIZA EN EXECUCIÓN DE SENTENZA FIRME, EN PENÍS-CABRAL. EXPTE. 35668/421.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Disciplina Urbanística da Xerencia municipal de Urbanismo, do 29.04.05, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

1. Con data 21 de xuño de 2004 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo dictou sentenza no recurso contencioso-administrativo nº 287/2004, interposto por D. José Manuel Alonso Estévez e D<sup>a</sup> Pilar Montes Molares contra a desestimación presunta por silencio administrativo da petición de revisión de oficio da licenza de obras outorgada a D<sup>a</sup> Nuria Caballero Pérez por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19/09/2002, autorizando a construción de unha vivenda unifamiliar na Rúa Penís, Cabral (Vigo), composta de semisoto destinado a garaxe e planta baixa adicada a vivenda, cunha superficie total a construír de 218,09 m<sup>2</sup>, e impoñendo as obrigas de cesión de 10,80 m<sup>2</sup> de terreo ó Concello para ampliación de vial e de declaración da indivisibilidade da parcela nunha superficie de 534,20 m<sup>2</sup>.

*No fallo da sentenza se estima parcialmente a pretensión exercitada polos recorrentes, condenando ó Concello de Vigo "a iniciar, tramitar y concluir el procedimiento previsto en el art. 102 LPAC para la revisión de oficio de la licencia otorgada en el expediente núm. 35.668/421, formulando propuesta de resolución y remitiendo el expediente al Consello Consultivo de Galicia para su dictamen preceptivo".*

*2. O correspondente expediente de revisión da licencia foi incoado mediante Resolución do Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28/09/2004, e unha vez rematado o prazo para a presentación de alegacións, a Xunta de Goberno Local acordou en sesión de data 20/12/2004 elevar ó Consello Consultivo de Galicia proposta de acordo declarativo da nulidade da licenza de obras para o seu dictame previo, preceptivo e vinculante, no senso de:*

*"-Ratificar a Resolución do Concelleiro-Delegado da Área de Urbanismo-Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28.09.2004, pola que se procedeu á incoación de expediente de revisión de oficio de licenza nº 35.668/421.*

*-Desestima-las alegacións presentadas en trámite de audiencia por Dª Nuria Caballero Pérez con data 29.10.2004 en atención ós fundamentos xurídicos anteriormente expostos".*

*-Declarar, en execución da sentenza de 24 de xuño do 2004 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no recurso nº 287/2004, e ó amparo do procedemento de revisión previsto no artigo 102 da LRPAC, a nulidade e, consecuentemente, a suspensión da vixencia e eficacia da licenza de obras outorgada a Dª Nuria Caballero Pérez por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19.09.2002, autorizando a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Penís, Cabral (Vigo).*

*-Notificar a presente resolución ós interesados no expediente."*

*O 03/03/2005 remitiuse ó Consello Consultivo de Galicia copia completa do expediente administrativo nº 35.668/421, xunto cun orixinal do proxecto técnico presentado e autorizado por licenza municipal, solicitándose a emisión do preceptivo dictame.*

*3. Con data de entrada no rexistro da Xerencia de 20/04/2005 (documento nº 50094812) foi recibido o Dictame do Consello Consultivo de Galicia, informando favorablemente a proposta de acordo aprobada pola Xunta de Goberno Local e, consecuentemente, a declaración de nulidade da licenza.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I. No Dictame nº 203/2005, de 13 de abril, dictado no marco do procedemento de revisión de oficio da licenza de obras tramitada en expediente nº 35.668/421, o Consello Consultivo de Galicia expón na súa consideración segunda que "a revisión de oficio dos actos administrativos constitúe unha fórmula privilexiada e excepcional, en canto que é unha actividade que ten por fin expulsar do mundo do dereito, por unilateral pronunciamento do órgano administrativo competente e sen acudir ó proceso contencioso-administrativo, algunha das súas decisións anteriores viciadas de nulidade, sobrevidamente apreciada; decisións que, en canto actos administrativos, por expresa previsión legal, gozan dunha presunción de certeza e axuste á legalidade."*

*II. En canto ó procedemento concreto tramitado polo Servizo de Disciplina Urbanística-Oficina administrativa de Licenza de Obras, o Consello Consultivo sinala na consideración terceira do referido dictame que..."cómpre estimar como correcta e axeitada á legalidade a actuación municipal, por canto se produciu unha aparencia de bo dereito (fumus boni iuris) sobre a cal o Concello de Vigo sustentou a concesión da licenza de construción, que, como é preceptivo, foi outorgada sen prexuízo de tereceiros de mellor dereito. Neses termos, o acto de concesión da*

licenza de obras, pola súa plena adecuación formal á legalidade urbanística, resultou ser plenamente válido e eficaz dende a data do seu outorgamento, por non adolecer de vicio ningún que o puidese invalidar.

Tivo que ser, non obstante, a actuación de oposición por parte de terceiros interesados á validez da licenza a que determinara, primeiro pola vía administrativa e logo por silencio pola vía xudicial contencioso-administrativa, a incoación dun procedemento de impugnación orientado á revisión dos presupostos que fundamentaron xurídicamente a concesión da licenza. E sendo posto de manifesto de xeito patente e notorio na vía xudicial que na realidade material a licenciataria non era, na data de adopción do acordo de concesión da licenza, lexítima propietaria da franxa de terreo que servía de límite ó seu fondo co camiño público, tiña que fracasar necesariamente a pretensión de mantemento da licenza nos propios termos baixo os que foi concedida, como postula a beneficiaria desta, por canto fai creba, de xeito non soluble, un dos presupostos básicos sobre os que se sustentaba a validez e eficacia da licenza municipal, a carencia de título de propiedade privativa dunha parte dos terreos, a dispoñibilidade e cesión da cal era absolutamente necesaria para os efectos de poder entenderse cumpridos os requisitos formais que condicionan a validez da licenza outorgada.

E sendo así que xudicialmente se constata e declara a carencia dese presuposto formal, por pertenza dos terreos en propiedade non contradita ós accionantes, a consecuencia que impón a parte dispositiva da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo é de todo punto lóxica, esixindo (no canto de declarar directamente a nulidade da licenza municipal de obras) que o Concello de Vigo proceda a incoar un procedemento de revisión de oficio do acto de concesión da licenza, por canto ese acto quedou sobrevidamente afectado de nulidade radical e insubsanable por concorrencia, no caso examinado, da causa fundamentadora recollida no artigo 62.1 f) da LRXPAC de 1992, segundo o cal son nulos de pleno dereito os actos polos que se adquiren dereitos ou facultades cando o seu destinatario careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición, como é neste suposto a carencia de título de propiedade dos terreos de necesaria cesión ó Concello para os efectos de que éste poida proceder a autoriza-la construción proxectada pola titular da licenza en cuestión.”

En apoio ó anteriormente sinalado, na consideración cuarta o Consello Consultivo afirma que: “En mérito de todo o manifestado, sobre a base do mandamento xudicial recollido na sentenza indicada e sendo ésta firme, considera este organismo superior consultivo que está plenamente xustificada a invocación polo Concello de Vigo dun procedemento de revisión de oficio do acto de concesión da licenza municipal de obras outorgada no seu día a prol da señora Caballero Pérez, por concorrencia dunha causa de nulidade absoluta e insubsanable (art. 62.1 f) da LRXPAC), e mesmo a resolución que dea remate ó dito procedemento pola que se declare a nulidade da licenza, con efectos ex tunc, é dicir, dende a data do seu outorgamento, coa mesma orientación recollida na proposta de resolución.”

III. Deste xeito, e consonte ó disposto no artigo 127.1 k) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, corresponde á Xunta de Goberno Local adoptar un acordo dando conformidade á proposta de resolución remitida ó Consello Consultivo de Galicia con data 03/03/2005, a efectos de remata-la tramitación do expediente de revisión de licenza, e dando conta no prazo de 15 días do acordo que se adopte ó Consello Consultivo, como se recolle no artigo 59.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo, dictado por Decreto 282/2003, do 22 de maio.

Asemade, procede notificar ós interesados no expediente, xuntando copia do Dictame nº 203/05.

IV. Habida conta de que o procedemento de revisión de oficio foi tramitado en execución da sentenza dictada con data 21 de xuño de 2004 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo nº 287/2004, interposto por D. José Manuel Alonso Estévez e Dª Pilar Montes Molaes, e dando cumprimento ó disposto no artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, que sinala que todas as persoas e entidades públicas e privadas están obrigadas a prestar a debida colaboración requirida polos Xulgados e Tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa

*execución do resolto, cómpre que se dé conta do acordo de declaración de nulidade da licenza de obras referida ó referenciado Xulgado, remitindo copia do acordo e do dictame ó Servicio de Asesoría Xurídica.*

*V. En relación á situación na cal queda a edificación construída ó abeiro da licenza de obras anulada, procede, en aplicación do preceptuado no artigo 210 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada por Lei 15/2004, dar conta do mesmo acordo á Oficina de Inspección Técnica de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, para que se proceda á incoación do correspondente expediente de protección da legalidade urbanística nos termos previstos no artigo 209 da mesma norma, toda vez que se trata dunha edificación rematada sen licenza.*

*VI. No uso das facultades atribuídas pola normativa vixente en materia de réxime local (artigo 127.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local) e previo coñecemento do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sométese ó criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte*

#### PROPOSTA DE ACORDO

*PRIMEIRO. Prestar plena conformidade á proposta de acordo de revisión de oficio da licenza de obras outorgada a D<sup>a</sup> Nuria Caballero Pérez (expediente nº 35.668/421) remitida ó Consello Consultivo de Galicia segundo acordou esta Xunta de Goberno Local en sesión de data 20/12/2004, unha vez emitido por dito órgano consultivo o Dictame nº 203/05, de 13 de abril, informando favorablemente a proposta de resolución referida, a cal literalmente di:*

- 1. “Ratificar a Resolución do Concelleiro-Delegado da Área de Urbanismo-Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28.09.2004, pola que se procedeu á incoación de expediente de revisión de oficio de licenza nº 35.668/421.*
- 2. “Desestima-las alegacións presentadas en trámite de audiencia por D<sup>a</sup> Nuria Caballero Pérez con data 29.10.2004 en atención ós fundamentos xurídicos anteriormente expostos”.*
- 3. “Declarar, en execución da sentenza de 24 de xuño do 2004 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no recurso nº 287/2004, e ó amparo do procedemento de revisión previsto no artigo 102 da LRPAC, a nulidade e, consecuentemente, a suspensión da vixencia e eficacia da licenza de obras outorgada a D<sup>a</sup> Nuria Caballero Pérez por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19.09.2002, autorizando a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Penís, Cabral (Vigo).*
- 4. “Notificar a presente resolución ós interesados no expediente.*

*SEGUNDO. Dar conta do presente acordo á Oficina de Inspección Técnica de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo para que se proceda á incoación do correspondente expediente de protección da legalidade urbanística nos termos previstos no artigo 209 da mesma norma, toda vez que se trata dunha edificación rematada sen licenza.”*

*TERCEIRO. Dar conta do presente acordo ó Servicio de Asesoría Xurídica do Concello coa finalidade de proceder á súa presentación, xunto con copia do Dictame nº 203/05 no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, ós oportunos efectos en relación co recurso contencioso-administrativo nº 287/2004, interposto por D. José Manuel Alonso Estévez e D<sup>a</sup> Pilar Montes Molares contra a desestimación presunta por silencio administrativo da petición de revisión de oficio de licenza de obras outorgada a D<sup>a</sup> Nuria Caballero Pérez por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19/09/2002.*

*CUARTO. Dar conta do presente acordo ó Consello Consultivo de Galicia no prazo de 15 días, consonte ó establecido no artigo 59.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo (Decreto 282/2003, do 22 de maio).*

*QUINTO. Notifíquese o presente acordo á titular da licenza anulada D<sup>a</sup> Nuria Caballero Pérez e ós recurrentes D. José Manuel Alonso Estévez e D<sup>a</sup> Pilar Montes Molares, xuntando copia do Dictame nº 203/05, de 13 de abril.*

*SEXTO. Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ó da notificación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte o da notificación, nos termos e condicións do previsto nos artigos 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(515).-DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 1113/407.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais da Xerencia municipal de Urbanismo, conformado polo Xerente, que di o seguinte:

*A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Dende esa data existen multas impostas por este organismo que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.*

*Asimesmo, no ano 2003 executáronse subsidiariamente obras que, segundo o establecido na Lei 30/1992 realizáronse a costa do obrigado. Dado que o importe dos gastos non foi ingresado polos interesados no período voluntario, tamén deben pasar á vía de constrinximento.*

*De conformidade coa base 48<sup>a</sup> das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5<sup>a</sup> das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas e execucións subsidiarias que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:*

*Sancións urbanísticas:*

1)	<i>Mª del Carmen Rouco Fernández (NIF 36.060.535)</i>	<i>500,00 euros</i>
2)	<i>Luis Barros Rial (NIF 35.987.920-G)</i>	<i>900,00 euros</i>
3)	<i>Angelina Caride Alonso (NIF 35.957.692-K)</i>	<i>600,00 euros</i>
4)	<i>Angelina Caride Alonso (NIF 35.957.692-K)</i>	<i>750,00 euros</i>
5)	<i>Julio Otero Mosquera (NIF 35.877.161-J)</i>	<i>500,00 euros</i>
6)	<i>Mª Beatriz Fernández García (NIF 36.109.718-V)</i>	<i>350,00 euros</i>
7)	<i>José Severino García Barcala (NIF 36.061.729-Y)</i>	<i>300,00 euros</i>
8)	<i>Dolores Daponte Romero (NIF 35.917.384-D)</i>	<i>600,00 euros</i>
9)	<i>Josefa Otero Lafuente (NIF 35.955.323-K)</i>	<i>301,00 euros</i>
10)	<i>José Benito Rodríguez Rodríguez (NIF 34.724.251-R)</i>	<i>800,00 euros</i>
11)	<i>Genaro Costas González (NIF 36.050.625-B)</i>	<i>500,00 euros</i>
12)	<i>María Pilar Sotelo Millán (CIF 35.910.344)</i>	<i>900,00 euros</i>
13)	<i>Mercedes Coello Solleiro (CIF 35.946.068-N)</i>	<i>301,00 euros</i>
14)	<i>Manuel Meira Covelo (NIF 36.036.324-Q)</i>	<i>1.200,00 euros</i>

*Liquidación do importe de execución subsidiaria:*

1)	<i>Manuel González Alonso (NIF 36.010.667-G) e Domingo Alonso González (NIF 77.001.291-M)</i>	<i>17.701,60 euros</i>
----	---	------------------------

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada das anteditas sancións urbanísticas que se remitirán ao tesoureiro municipal para que se dicte a correspondente providencia de apremio.

**28(516).-EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 3396/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a subministración de un tractor para o Parque Móbil, asinado polo xefe do Parque Móbil, o informe do titular a Asesoría Xurídica de data 25.04.05, o prego de cláusulas administrativas de 26.04.05, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, e de acordo co informe-proposta de 21.04.05, do xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, conformado polo xefe do Servizo do Parque Móbil, polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministración de “Tractor para o Parque Móbil municipal ” elaborado polo servizo de Parque Móbil.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de servizos Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso da subministración de “Tractor para o Parque Móbil municipal ”.

3º.- Autorizar o gasto de 58.800,00 euros para a contratación da subministración de “Tractor para o Parque Móbil municipal ” con cargo á partida 121.2.624.00.01 do presuposto do 2005

4º.- Convocar o concurso aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**29(517).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN ESTRUCTURAL DE VEHÍCULO MATRÍCULA PO-2778-O (CAMIÓN) DO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 3367/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a reparación estrutural do vehículo PO-2778-O (camión), asinado polo xefe do Parque Móbil, o informe do titular a Asesoría Xurídica de data 25.04.05, o prego de cláusulas administrativas de 26.04.05, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, e de acordo co informe-proposta de 26.04.05, do xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, conformado polo xefe do Servizo do Parque Móbil, polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de prestación de servizo para a “reparación estrutural do vehículo PO-2778-O (camión) para o Parque Móbil municipal”, elaborado polo xefe do Servizo.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de servizos Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso para reparación estrutural do vehículo PO-2778-O (camión) para o Parque Móbil municipal

3º.- Autorizar o gasto de 47.250,00 euros para a contratación do servizo de “reparación estrutural do vehículo PO-2778-O (camión) para o Parque Móbil municipal” con cargo á partida 121.2.634.00.00 do presuposto do 2005

4º.- Convocar o concurso aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**30(518).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA SUBMINISTRACIÓN DE DOUS DUMPERS PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 3365/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a adquisición de dous vehículos dumpers para o Parque Móbil municipal, asinado polo xefe de dito Servizo, o informe do titular a Asesoría Xurídica de data 18.04.05, o prego de cláusulas administrativas de 26.04.05, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, e de acordo co informe-proposta de 26.04.05, do xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, conformado polo xefe do Servizo do Parque Móbil, polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministración de dous vehículos dumpers para o Parque Móbil municipal” elaborado polo Servizo de Parque Móbil.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso da subministración de “Dous vehículos dumpers para o Parque Móbil municipal”.

3º.- Autorizar o gasto de 51.300,00 euros para a contratación da subministración de dous vehículos dumpers para o Parque Mobil municipal con cargo á partida 121.2.623.00.02 do presuposto do 2005.

4º.- Convocar o concurso aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **31(519).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALFONSO XIII. EXPTE. 78/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 16.05.05, que di o seguinte:

*O proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA AFONSO XIII", foi redactado pola Ingxeñería Planes Estratéxicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Santiago López Fontán en maio 2005*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a humanización da rúa de Alfonso XIII, asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.*

*O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 450.000,00 € (CATROCENTOS CINCUENTA MIL EUROS).*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto*



1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Humanización da rúa Alfonso XIII" cun presuposto base de licitación de 450.000,00 € (CATROCENTO CINCUENTA MIL EUROS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba tecnicamente o proxecto de "Humanización da rúa Alfonso XIII" cun presuposto base de licitación de 450.000,00 €.

### **32(520).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE MELLORA DE BEIRARRÚAS NA RÚA TUI. EXPTE. 76/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 16.05.05, que di o seguinte:

*O proxecto "MELLORA DE BEIRARRÚAS NA RÚA TUI", foi redactado Por G. Control Enxeñería de Calidade, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D.Carlos López Román en maio de 2005*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a mellora de beirarrúas da rúa tui, asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.*

*O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 410.625,00 € (CATROCENTOS DEZ MIL SEISCENTOS VINTECINCO EUROS).*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Mellora de beirarrúas na rúa Tui" cun presuposto base de licitación de 410.625,00 € (CATROCENTOS DEZ MIL SEISCENTOS VINTECINCO EUROS).

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba tecnicamente o proxecto de "Mellora de beirarrúas na rúa Tui" cun presuposto base de licitación de 410.625,00 €

### **33(521).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO MELLORA DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL DE CASTRO. EXPTE. 77/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 16.05.05, que di o seguinte:

*O proxecto "MELLORA DE BEIRARRÚAS NA RUA MANUEL DE CASTRO", foi redactado pola Inxeneñería Planes Estratégicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Santiago López Fontán en maio 2005*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a mellora de beirarrúas na rúa de Manuel de Castro, asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.*

*O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 218.877,25 € (DOUSCENTOS DEZAOITO MIL OITOCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON VINTECINCO CÉTIMOS).*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*

*Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:*

*Aprobar tecnicamente o proxecto de "Mellora de beirarrúas na rúa Manuel de Castro" cun presuposto base de licitación de 218.877,25 € (DOUSCENTOS DEZAOITO MIL EUROS CON VINTECINCO CENTIMOS).*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba tecnicamente o proxecto de "Mellora de beirarrúas na rúa Manuel de Castro" cun presuposto base de licitación de 218.877,25 €

### **34(522).- BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO NACIONAL DE PIANO QUE SE CELEBRARÁ NO AUDITORIO DA CASA DO CONCELLO O DÍA 26.05.05. EXPTE. 2135/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.05.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo de Alcaldía, do 13.05.05, conformado pola Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases para o desenvolvemento do Concurso Nacional de Piano, que de seguido se transcriben, evento que se desenvolverá a partir de día 26 de maio do presente ano no Auditorio deste Concello, e outras dependencias.

#### BASES CONCURSO NACIONAL DE PIANO

*"Compositores de España" (CNCE) e FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO VIGO 2005*

*O Concurso Nacional de Piano "Compositores de España" celebrarase en Vigo do 26 de maio ó 1 de xuño de 2005.*

*O Concurso comprende tres categorías:*

*Categoría Infantil:*

*Límite de idade ata os 12 anos*

*Categoría Xuvenil:*

*De 13 ata 18 anos.*

*Categoría Novo Concertista:*

*De 19 ata 33 anos.*

*Cada ano dedicamos o Concurso a diferentes Compositores Españois.*

*Este ano, facemos a homenaxe ó noso compositor Antón García Abril, ofrecendo a oportunidade de escoitar as súas diferentes obras escritas para Piano, ó igual que tamén teremos a oportunidade de escoitar obras escritas para Piano de Compositores Galegos.*

#### **COMITÉ DE HONOR**

*Presidencia:*

*Excm. Sra. Dña. Corina Porro Alcaldesa de Vigo*

#### **COMITÉ ORGANIZADOR**

*Dirección Xeral:*

*María Herrero*

*Presidente do Xurado:*

*Leonel Morales*

*Secretario do Xurado e Dirección:*

*Antonio Jiménez*

*Coordinación Xeral:*

*Felipe Estévez*

*Secretario de Coordinación:*

*Rodrigo Silva*

*Coordinación de concursantes según categoría:*

*Nuria Belando*

*Fundación Mayeysis.*

#### **CONDICIÓN XERAIS PARA AS TRES CATEGORÍAS**

*1): Pola proximidade entre España e Portugal poderán participar ademais de pianistas españois tamén portugueses nas tres diferentes categorías.*

Os participantes da Categoría Infantil que desexen participar na Categoría Xuvenil poderán facelo, xuntando os correspondentes boletíns de Inscripción e ingresando a cota de 60 € coma dereito de inscrición para cada unha das categorías.

Do mesmo xeito, participantes da Categoría Xuvenil que desexen participar na Categoría Novo Concertista poderán facelo.

2): As solicitudes de inscrición deberán remitirse debidamente cubertas á Secretaría do Concurso:

**CONCURSO NACIONAL DE PIANO  
"COMPOSITORES DE ESPAÑA"**

Urbanización Molino de la Hoz  
c/ Autillo, 12

28230 Las Rozas de Madrid España

Tel.: 91 630 21 26 - 91 630 21 29

Fax: 91 630 21 26

E-mail: [cnceconcursonacional@cipce.org](mailto:cnceconcursonacional@cipce.org)

<http://www.cipce.org>

3): Para as probas, nas diferentes categorías, os concursantes actuarán por orde alfabética, designándose por sorteo a letra coa que empezará o concurso e, a partir desta, seguirase a correspondente orde alfabética. Esta orde poderá ser modificada por forza maior. O candidato deberá xustificalo e a dirección terá en conta os seus motivos. O sorteo de actuación terá lugar o 26 de maio de 2005 ás 20.00 h no Acto de Apertura do Concurso Nacional de Piano "Compositores de España", que se celebrará no Auditorio de Caixanova Rúa Policarpo Sanz 24-26.

O Concurso disporá de pianos de estudio para ensaios nas instalacións de Mayeysis na rúa Areal nº 138.

4): Gravación: Tódalas categorías do Concurso son de carácter público. O C.N.C.E resérvase o dereito de autorizar a radiodifusión e teledifusión dos Concertos e sesións, ó igual que o de realizar a gravación en calquera soporte musical ou vídeo a prol do Concurso.

5): Aloxamento: Os concursantes poderán chegar ó concurso dende o día 26 de maio de 2005 debendo ter en conta a data e a hora sinalada para poder probar a sala e o piano no que se realizarán as probas do Concurso, nas datas e horas designadas para cada categoría (ver calendario de cada categoría).

A reserva de Hotel en Vigo será realizada por cada participante directamente. O Concurso xestionou prezos especiais dagunhas estancias para concursantes e familiares.

Para a reserva de prazas, os interesados deberán dirixirse ós citados hotéis, advertindo a súa participación no Concurso, para beneficiarse dos prezos especiais xestionados (información:

Fundación Mayeysis, ver apartado 9).

6): Tódolos días, ás 21:00h. se celebrará o Festival de Piano Vigo 2005. Tódolos concursantes e familiares das diferentes categorías están invitados.

7): O Xurado poderá interromper a actuación do concursante, sen que iso signifique ningún tipo de valoración.

O Xurado non está obrigado a conceder tódalas recompensas. As súas decisións son inapelables.

O Primeiro Premio será indivisible mentres que os demais poderán selo. Os concursantes premiados recollerán persoalmente o seu galardón no Acto de Clausura, que se celebrará ás 20.00 h. o día 1 de xuño.

Os Premios están obrigados ás retencións correspondentes segundo a lei vixente.

8): Tódalas obras se interpretarán de memoria.

9): Para máis información dirixirse a:

A Secretaría do Concurso (Las Rozas deMadrid) e

Fundación Mayeysis

c/ Areal · 138 - 36201 Vigo - Pontevedra

Tel.: 986 226 378 - 986 221 422

Fax: 986 435 309

E-mail: [info@mayeysis.com](mailto:info@mayeysis.com)

[http:// www.mayeusis.com](http://www.mayeusis.com)

### INSCRICIÓN

1): Establécese o día 10 de maio de 2005 como data límite para formalizar as inscricións remitindo os seguintes documentos:

- a) Xustificante de nacemento ou outro documento no que conste a data de nacemento e a nacionalidade do participante (unha fotocopia).
- b) Dúas fotografías indicando ó dorso o nome e apelidos do participante.
- c) Currículo Vitae no que se reflectan os datos persoais, estudos que cursa, lugar onde estudia, profesores e datos relativos á súa "actividade musical" (máximo un folio).
- d) Se o concursante o estima oportuno, poderá xuntar fotocopias de calquera documento que poida ofrecer información sobre as súas aptitudes, como por exemplo, Premios e Diplomas obtidos noutros Concursos, cartas de recomendación, comentarios de Prensa, etc...
- e) Dereitos de inscrición pola cantidade de 60 € libres de gastos, por Transferencia á c/c nº 00978917270600423494. Para transferencias desde Portugal os datos son os que seguen: IBAN ES93 00978917270600423494.BIC: GALIES2V. Ningunha Inscrición se considerará válida ata que non se reciba a cota de inscrición.
- f) Programa que o concursante vai realizar
- g) Boletín de Inscrición debidamente cuberto xunto coa fotocopia do ingreso realizado.

2): A dirección do CONCURSO NACIONAL DE PIANO "COMPOSITORES DE ESPAÑA" examinará as solicitudes de inscrición e informará ó interesado se a súa solicitude de inscrición foi aceptada ou non. As inscricións poderán remitirse por correo electrónico. As fotografías en formato BMP ou JPG.

### CALENDARIO

10 DE MAIO DE 2005: Data límite para o envío de solicitudes de inscrición á dirección da Secretaria do Concurso (Las Rozas de Madrid).

26 DE MAIO DE 2005:

17.00 h: Proba de Piano para os concursantes da Categoría Infantil que o teñan solicitado previamente, no Auditorio da Fundación Mayeusis.

20.00 h: Inauguración do Concurso. Presentación de Concursantes e Xurado Sorteo de tódalas categorías. Concerto de Apertura do Festival de Piano Vigo 2005.

Cóctel para os concursantes, xurado, patrocinadores, personalidades e invitados.

27 DE MAIO:

10.00 h: Celebración da Categoría Infantil no Auditorio da Fundación Mayeusis.

Ó final da mañá, deliberación do Xurado facéndose público o resultado.

12.00 h: Proba de Piano para os concursantes da Categoría Xuvenil que o teñan solicitado previamente, no Auditorio de Caixanova, Rúa Policarpo Sanz 24-26.

17.00 a 20.00 h: Celebración da Categoría Xuvenil 21.00 h: Concerto do Festival de Piano Vigo 2005.

28 DE MAIO:

10.00 a 14.00 h: celebración da Categoría Xuvenil.

16.00 a 20.00 h: continuación da celebración da Categoría Xuvenil. Deliberación do Xurado facéndose público o resultado.

21.00 h: Concerto do Festival de Piano Vigo 2005.

29 DE MAIO:

09.00 h: Proba de Piano para os concursantes da Categoría Novo Concertista que o teñan solicitado previamente no Auditorio Caixanova, Rúa Policarpo Sanz 24-26.

12.00 a 14.00 h: Celebración da categoría Novo Concertista.

Sesión de tarde: Continuación da celebración da categoría Novo Concertista.

21.00 h: Concerto do Festival de Piano Vigo 2005.

30 E 31 DE MAIO: Continuación da Categoría de Novo Concertista.

1 DE XUÑO:

20.00 h: Acto de Clausura. Entrega de premios.

Concerto do Festival de Piano Vigo 2005 ofrecido polos premiados das diferentes categorías.

Cóctel para concursantes, xurado, patrocinadores, personalidades e invitados.

A Dirección do Concurso poderá resolver todas aquelas situacións non contempladas no presente regulamento.

Todo participante leva implícito a aceptación total das bases do Concurso.

**CATEGORÍA INFANTIL. LÍMITE DE IDADE ATA OS 12 ANOS.**

Para participantes que non teñan feito os 13 anos o día de iniciarse o Concurso (26 de maio de 2005)

Os concursantes de Categoría Infantil, realizarán unha única proba que consistirá na interpretación de:

1): Unha ou varias obras do repertorio pianístico universal de libre elección polo concursante.

2): Unha ou varias obras a elixir entre: Os Cadernos de Adriana nº 1, nº 2 e nº 3.

Preludio de Mirambel nº 1 do noso compositor homenaxeado Antón García Abril.

3): Os concursantes que desexen optar ó Premio da Música Galega, deberán engadir unha obra dun Compositor Galego.

Se non se presentan obras de Música Galega, este premio quedaría deserto.

A duración total desta proba, non poderá exceder os 15 minutos.

**PREMIOS**

Primeiro premio:

Diploma e Premio de 600 € .

Segundo Premio:

Diploma e Premio de 300 € .

Terceiro premio:

Diploma e premio de 200 € .

Premio á Mellor Interpretación da

Obra de Antón García Abril:

Diploma e Premio de 300 € .

Premio á Mellor Interpretación

da Obra dun Compositor Galego:

Diploma e Premio de 300 € .

O Xurado entregará este premio entre os concursantes que decidiran interpretar obras de Compositores Galegos.

**CATEGORÍA XUVENIL: DENDE 13 A 17 ANOS**

Para participantes que non teñan feito os 18 anos o día de iniciarse o Concurso (26 de maio de 2005).

**ETAPAS DO CONCURSO**

Primeira fase

1. Un preludio e Fuga do Clave "Bien Temperado" de J.S. Bach.

2. Sonata de Mozart ou Haynd.

3. Un estudio de virtuosismo a escoller entre Chopin, Liszt, Rachmaninoff, Scriabin, Debussy, Prokofiev, Ligetti, Czerny, Cramer, Stravinsky....

Proba final

1. Unha ou varias obras importantes do repertorio pianístico universal de libre elección do século XIX ou XX.

2. Unha obra do compositor español elixido, Antón García Abril, cun tempo mínimo aproximado de 5 minutos, non existindo límite de tempo máximo, a elixir entre:

Cadernos de Adriana nº 3

Sonatina

Preludio de Mirambel nº 1 e 5

Tres Pezas Amantinas

Se algún concursante desexa interpretar algunha das obras de Antón García Abril indicadas na Categoría Novo Concertista, poderá facelo.

3. Os concursantes que desexen optar ó Premio da Música Galega, deberán engadir unha obra dun Compositor Galego. Se non se presentan obras de Música Galega, este Premio quedaría deserto. A duración total desta proba, non poderá exceder os 40 minutos. Non se aceptará a inclusión da mesma obra nas diferentes probas. As obras interpretaranse sen repeticións.

#### PREMIOS

Primeiro premio:

Diploma e Premio de 2000 € .

Segundo premio:

Diploma e Premio de 1000 € .

Terceiro premio:

Diploma e Premio de 600 € .

Premio á Mellor Interpretación da Obra de Antón García Abril:

Diploma e Premio de 600 € .

Premio á Mellor Interpretación da Obra dun Compositor Galego:

Diploma e premio de 600 € .

O Xurado entregará este premio entre os concursantes que decidiran interpretar obras de Compositores Galegos.

**CATEGORIA NOVO CONCERTISTA. LIMITE DE IDADE DENDE OS 18 ATA OS 33 ANOS**

Para participantes que non teñan feito os 33 anos o día de iniciarse o Concurso (26 de maio de 2005).

#### **ETAPAS DO CONCURSO**

O Concurso constará dunha Primeira Fase e Proba Final.

Primeira fase

1. Un Preludio e Fuga do Clave "Bien Temperado" de J. S. Bach.

2. Unha Sonata de Mozart ou Haydn

3. Dous estudos de virtuosismo a escoLler entre Chopin, Listz, Rachmaninoff, Scriabin, Debussy, Prokofiev, Ligetti e Stravinsky.

Proba Final

Un recital de 60 minutos de duración no que se inclúa:

1. Sonata de Beethoven

2. Unha obra importante do século XIX ou XX.

3. Unha obra do compositor español elixido, Antón García Abril, cun tempo mínimo aproximado de 5 minutos, non existindo límite de tempo máximo, excepto os cadernos de Adriana e as Tres

Pezas Amantinas.

4. Os concursantes que desexen optar ó Premio da Música Galega, deberán engadir unha obra dun Compositor Galego. Se non se presentan obras de Música Galega, este premio quedaría deserto. A duración total desta proba, non poderá exceder os 60 minutos. Non se aceptará a inclusión da mesma obra nas diferentes probas. As obras interprétanse sen repeticións. Na Proba Final prégase traxe escuro, smóking ou frac.

#### **PREMIOS**

Tódolos premiados que desexen participar no Concurso Internacional de Piano Compositores de España de Las Rozas de Madrid, pasarán directamente á Segunda Fase do Concurso do ano 2005.

Primeiro Premio

Diploma e Premio de 6.000 € .

Xira de concertos organizada polo Concurso Nacional de Piano "Compositores de España"

O gañador comprométese a tocar o programa do Concurso, incluíndo as obras españolas da Proba Final. Gravación de CD organizada por Fundación Mayeysis Se calquera das xiras de concertos nas datas programadas non as puidese realizar o Primeiro Premio, realizaraas o Segundo Premio.

Segundo Premio

Diploma e Premio de 3.000 € .

Terceiro Premio

Diploma e Premio de 1.500 € .

Premio á Mellor Interpretación da

*Obra de Antón García Abril:*

*Diploma e Premio de 800 € .*

*Premio á Mellor Interpretación*

*da Obra dun Compositor Galego:*

*Diploma e Premio de 800 € .*

*O Xurado entregará este premio entre os concursantes que decidiran interpretar obras de Compositores Galegos.*

**36(524).-RECURSO DE REPOSICIÓN DE PROMOCIONES MECANOCASA S.A. CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 21.02.05, DENEGANDO ANTEPROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE APARCADOIROS.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do titular do Organo de Apoio á Xunta de Goberno local, de 16.05.05, que di o seguinte:

*D. Ignacio Piñeiro Gómez, en representación da mercantil "PROMOCIONES MECANOCASA S.A.", interpón recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de febreiro de 2005, no que se acorda:*

*Denegar expresamente os anteprojectos que presenta "PROMOCIONES MECANOCASA S.A." para a construción dos aparcadoiros subterráneos públicos nas rúas Gran Vía, Areal e Policarpo Sanz, e comunicar á mencionada empresa que a construción de novos aparcadoiros subterráneos públicos se efectuará de acordo con estudos do propio Concello.*

*1. A lexislación aplicable é fundamentalmente a recollida no Real Decreto Lexislativo 2/200, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas:*

*Artigos 222, 227 e 228, sobre contratos de concesión de obra pública, en relación co artigo 158 sobre contrato de xestión de servizos públicos.*

*2. Da lexislación aplicable dedúcese que a aceptación da iniciativa privada na concesión de obras públicas é unha facultade discrecional da Administración. Non se entendería doutra maneira o que establece o artigo 227 mencionado, no seu apartado 5, cando di que o silencio da administración ou da entidade que corresponda equivalerá á non aceptación do estudo.*

*3. Sendo polo tanto unha facultade da Administración a redacción polos seus propios medios dos estudos precisos para a execución das obras cando se comunica esta decisión á empresa interesada dáselle conta da súa motivación.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Ignacio Piñeiro Gómez, en representación da mercantil "PROMOCIONES MECANOCASA S.A." contra acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de febreiro de 2005.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.



**37(525).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e dez minutos.  
Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez